

INICIATIVAS E PROPOSTAS PARA REMEDIAR A FALTA DE TRABALLO E A CARESTÍA DA VIDA NA CORUÑA DURANTE A I GUERRA MUNDIAL

Initiatives and proposals to remedy the lack of work and the high cost of living in A Coruña during World War I

ANA ROMERO MASÍA¹

Resumo. Análise de cinco iniciativas xurdidas na Coruña durante a I Guerra Mundial coa finalidade de tratar de paliar os negativos efectos do conflito internacional sobre as subsistencias e a falta de traballo entre a clase obreira da cidade.

Abstract. Analysis of five initiatives that emerged in A Coruña during World War I in order to try to reduce the negative effects of international conflict on subsistence and lack of work among the working class of the city.

Palabras clave. Comité de Defensa Económico Local. Asemblea Popular. Agrupación Popular Coruñesa. Comité Fomentador do Traballo. Xunta de Defensa.

Key words. Local Economic Defense Committee. Popular Assembly. Popular Coruñesa Association. Labor Encouraging Committee. Defense Board.

A neutralidade española na I Guerra Mundial provocou importantes consecuencias económicas e sociais. A balanza comercial conseguiu superávit, moitos negocios prosperaron, pero non subiron os xornais a pesar de que todo, especialmente os produtos básicos para a vida, non deixaban de subir de prezo como consecuencia das masivas exportacións aos países belixerantes. A Guerra provocou graves alteracións no tráfico marítimo que afectaron moi negativamente á economía da Coruña, pois o porto e a súa actividade (tráfico de mercadorías, movemento de persoas, negocios marítimos relacionados coa pesca e os seus derivados...) era un factor clave da actividade da cidade². A redución da actividade industrial e construtiva (debido á escaseza de materias primas que non chegaban ao porto coruñés polas dificultades do comercio internacional) orixinou a contracción do mercado de traballo, de modo que aumentaron de modo alarmante as taxas de desemprego. Esta situación explica o clima de conflictividade constante que viviu a cidade neses anos, así como a activa participación da poboación traballadora en numerosos paros parciais e nas

¹ Doutora en Humanidades pola Universidade da Coruña. Catedrática de Xeografía e Historia no Instituto Monte das Moas da Coruña. Principais temas de investigación: política e sociedade dos séculos XIX e XX da Coruña. aromeromasia@yahoo.es

² Sobre os efectos da neutralidade española na economía da Coruña: Mirás Araujo, 2007:3-80.

dúas folgas xerais (a de decembro de 1916 e a revolucionaria de agosto de 1917). Xa que logo, foron anos difíciles para a cidadanía coruñesa, pero especialmente para os colectivos obreiros que tiveron que sufrir as consecuencias da falta de postos de traballo unidas á escaseza e carestía dos produtos básicos (alimentación, vivenda).

Tratando de buscar solucións a esta situación, xurdiron varias iniciativas que son o obxecto de análise deste traballo. Trátase de intentos específicos coruñeses na procura de remediar as negativas consecuencias da Guerra sobre os traballadores e traballadoras da Coruña, iniciativas xurdidas á marxe das institucións oficiais, caso da Xunta Provincial de Subsistencias³, ou doutras xa existentes relacionadas coa beneficencia ou a atención a colectivos específicos⁴. Así, durante os anos da I Guerra Mundial, destacamos cinco iniciativas que se foron sucedendo no tempo e que partiron de diferentes colectivos ou personalidades: o *Comité de Defensa Económico Local*, debido á iniciativa dos propios traballadores asociados; a *Asamblea Popular*, por iniciativa do alcalde Manuel Casás; a *Agrupación Popular Coruñesa*, a partir das propostas dun grupo da burguesía coruñesa; o *Comité Fomentador del Trabajo*, de novo por iniciativa dun alcalde, Gerardo Abad Conde, e a *Junta de Defensa*, organizada polo médico José Rodríguez Martínez. Os problemas que todas elas trataron de solventar non eran novos⁵, pero estaban agravados como consecuencia da Guerra.

COMITÉ DE DEFENSA ECONÓMICO LOCAL

Consecuencia directa das dificultades polas que atravesaban os colectivos obreiros da cidade foi o considerable aumento, durante os anos da Guerra, da constitución e rexistro oficial de sociedades obreiras de resistencia⁶, e á súa iniciativa débese a fundación dun

³ A Instrución do 6/3/1915 para o cumprimento do artigo 3 da Lei de Subsistencias de 18/2/1915 establecía que se crease en cada capital de provincia unha Xunta Provincial de Subsistencias, constituíndose a da Coruña o 7/3/1915.

⁴ Sería o caso, por exemplo, da Cociña Económica, fundada en 1886, da Xunta de Protección á Infancia, das cantinas e comedores escolares ou das numerosas institucións benéficas existentes na cidade froito de iniciativas particulares ou vinculadas a institucións relixiosas.

⁵ Exemplo de que os problemas viñan de atrás foi o mitin organizado o 6 de abril de 1914, no Teatro-Circo Emilia Pardo Bazán, pola Sociedade de Inquilinos (constituída en febreiro de 1911 tiña como principal obxectivo *procurar el abaratamiento de alquileres de casas y comestibles*. ARG. L-34.803) para tratar da *carestía del pan y de las viviendas y la crisis de trabajo que se advierte en La Coruña y que es causa de que se hallen poco menos que en la miseria muchos obreros*. (...) *De seguro que el mitin resultará imponente por lo numeroso de la concurrencia, ya que los asuntos a tratar afectan a la mayor parte de la población*. (*La Voz de Galicia*, 6/4/1914).

⁶ Entre as novas sociedades obreiras constituídas estes anos destacan: *El Despertar Marítimo* de maquinistas, fogoneiros e mariñeiros (1914); *La Herculina* de camareiros, cocifeiros e similares (1914); *La Veloz* de carreteiros (1915); *Sección Tranviaria* (1915); *Federación Local de Sociedades Obreras de Resistencia de La Coruña* (1915); *La Lucha* de obreiras e obreiros da fábrica de mistos da viúva de Zaragüeta (1916); *Unión de Obreros Municipales* (1916); *Montepío Unión Tabacalera* das cigarreiras da Fábrica de Tabacos da Palloza (1916); *Sociedad de jardineros municipales* (1917); *Sección del Sindicato Católico de Obreros Ferroviarios Españoles* (1917); *Unión de Mozos de Comercio* (1917); *Unión Textil* de traballadores da fábrica de tecidos da Coruña *La Primería Coruñesa* (1917); *La Laboriosa* de traballadores da Fábrica de Tabacos da Palloza (1917); *Asociación General de Dependientes de Comercio* (1918); *Unión General de Diversas Profesiones de La Coruña* (1918); *La Defensora* para defensa dos obreiros para cobro de indemnizacións (1918); *El Pensamiento* de construtores de calzado mecánico (1918);

organismo que tiña como obxectivo primordial a loita en dous ámbitos: a escaseza e o encarecemento dos produtos de primeira necesidade –as subsistencias– e a crise provocada pola falta de traballo na cidade. Así, con data do 11 de febreiro de 1915, figura, no rexistro xeral de asociacións do Goberno Civil da Coruña, o Comité de Defensa Económico Local⁷, con sede na rúa Cordelería 32 e presidido polo líder sindical Juan No Iglesias⁸.

A iniciativa para constituír este organismo partiu do acordo tomado polas sociedades obreiras no mitin celebrado uns días antes, o 31 de xaneiro, no Teatro-Circo Emilia Pardo Bazán, que estivo presidido por Benito Couceiro⁹. Os diferentes oradores expuxeron os seus puntos de vista e foron explicando as súas propostas ante o que consideran unha falta total de interese por parte das autoridades municipais para pór remedio á carestía das subsistencias e a falta de postos de traballo¹⁰, elaborando as seguintes conclusións:

- 1ª. Que el Ayuntamiento se decida de una vez a aminorar la crisis de trabajo que se advierte en la población, destinando a ese fin todas las consignaciones que figuran en el presupuesto de las obras acordadas con cargo al presupuesto del año corriente.
- 2ª. Que por la misma Corporación municipal se obligue a los tahoneros a poner en cada pieza de pan la marca del peso exacto de la misma y el nombre del fabricante.
- 3ª. Que el Gobierno permita la libre introducción de las harinas.
- 4ª. Que prohíba la exportación de todos los artículos de primera necesidad.
- 5ª. Si estas medidas no dieran el resultado apetecido, que el Gobierno imponga una tasa a los precios de las harinas, trigos, etc.

Y por último se acordó nombrar el Comité de Defensa de que habían hablado varios oradores. (*El Noroeste*, 1-2-1915).

La Progresiva de xornaleiros e xornaleiras de xastres (1918); *Sección de carpinteros de la construcción naval de la ría de La Coruña* (1918); *El Progreso Femenino* de mulleres carboneiras do porto (1918).

⁷ ARG. L-34803, páx. 190, nº 244.

⁸ O tipógrafo Juan No Iglesias desempeñou os cargos de presidente e secretario do seu sindicato en varias ocasións e foi un dos líderes máis valorados do movemento obreiro coruñés. Desempeñou cargos noutras sociedades obreiras, caso dos camareiros, zapateiros, panadeiros e obreiros marítimos, ademais de presidir a Federación Local Obreira e participar plenamente nas actividades do Comité de Defensa Económico Local. A súa participación en mitíns era constante, sendo un dos oradores máis elocuentes e celebrados das primeiras décadas do século XX na Coruña.

⁹ O zapateiro Benito Couceiro Gómez foi unha das figuras máis relevantes do movemento sindical e libertario coruñés. Na sociedade do seu oficio ocupou varias veces a presidencia, desempeñando tamén a da Asociación de Inquilinos e a de Oficios Varios en varios anos. A súa presenza era habitual nos mitíns de reivindicación de melloras obreiras e de defensa do laicismo e do libre pensamento. Foi tamén un dos directivos máis activos da asociación *Germinal* e colaborou con artigos en varias cabeceiras, especialmente en *Solidaridad Obrera*. Durante a II República continuou co seu activismo social e político.

¹⁰ Entre as propostas dos oradores: Juan No: *Propuso que se recabe del Ayuntamiento que lo consignado para fiestas se dedique a dar trabajo a los obreros que carecen de él.* Santiago Díaz: *Propuso que se trabaje para conseguir que se lleven a cabo las obras de urbanización de los barrios extremos de La Coruña recabando del Ayuntamiento, con este objeto, que suprima los impuestos que gravan las nuevas edificaciones.* Camilo Ramos: *Se mostró partidario de ir a la huelga general si el Ayuntamiento no busca solución al conflicto de las subsistencias y no quiere poner tabonas reguladoras.* José Creo: *Se lamentó de que no se adviertan iniciativas oficiales para el abaratamiento de las subsistencias, y propuso el nombramiento de una comisión que vele por los intereses del pueblo, pudiendo denominársele “Comité de Defensa Social”.* (*La Voz de Galicia*, 1/2/1915).

A partir da súa constitución, do rexistro oficial e tras a aprobación do regulamento da nova asociación polo gobernador civil¹¹, o Comité de Defensa Económico Local desenvolveu un intenso labor nos meses seguintes. Na reunión do 26 de febreiro, que tivo lugar no local da sociedade dos carpinteiros e que contou coa representación de 17 sociedades obreiras, foi elixida a xunta directiva que quedou formada por: Juan No como presidente; Severino Chacón¹² como vicepresidente; Emilio Souto e José Creo como secretarios, e Ricardo Corbacho, José Sanjurjo¹³ e os directores dos tres periódicos diarios da cidade como vocais. O Comité quedou organizado en catro seccións ou comisións e foron designadas as persoas que formarían parte de cada unha delas: Panificación (para vixiar moi especialmente a calidade e o peso do pan), Subsistencias (para conseguir abaratar os prezos dos produtos alimenticios básicos), Crise de Traballo (para tratar de recuperar postos de traballo) e a comisión do Inquilinato (encargada de vixiar que non se producisen abusos por parte dos donos das casas en aluguer). A prensa parecía animar e confiar nesta nova iniciativa: *Cada día nótase mayor entusiasmo entre todos cuantos, mediante la constitución de este Comité, se han propuesto aminorar los efectos de la actual crisis económica.* (*El Eco de Galicia*, 1/3/1915).

Destas comisións formaron parte os máis destacados líderes sindicais do momento, ademais de elementos burgueses como profesores, periodistas ou médicos. Así, xunto a Sanjurjo, Chacón, Pedro Arenillas¹⁴ ou Eduardo Paredes¹⁵ figuraban personalidades como o erudito Ángel del Castillo¹⁶, o redactor, debuxante e profesor da Escola de Artes Fernando Cortés Bugía¹⁷ e o médico Antonio Lens¹⁸. Como o Comité contaba entre seus membros a representación dos periódicos locais, estes daban puntual conta das xestións das comisións do Comité nos meses que seguiron ao da súa constitución, recollendo

¹¹ O regulamento establecía a finalidade da asociación (*Actuará este Comité en todos los aspectos de la vida económica local para el mejoramiento de todos los ciudadanos.* Art. 2), as persoas e institucións que desexasen formar parte (*Podrán pertenecer al Comité, aparte de los delegados de las sociedades obreras, todos aquellos ciudadanos pertenecientes a las clases medias, que se identifiquen con la finalidad de este organismo y aquellos obreros que por su independencia en la profesión no puedan pertenecer a sociedades de resistencia.* Art. 3), así como os medios a empregar para conseguir os fins propostos (*Resolviendo por todos los medios legales la crisis del trabajo, dirigiéndose para ello al Municipio, a la Diputación y al Estado, no devengándose cuota alguna a los asociados.* Art. Adicional). (*El Noroeste*, 27/2/1915).

¹² Sobre a biografía e actividade deste líder sindical: Romero Masiá, 2014.

¹³ Sobre o xastre José Sanjurjo Rodríguez: Pereira Martínez e Romero Masiá, 2010: 147-189.

¹⁴ Pedro Arenillas presidiu o sindicato de peóns e albanéis e o de pintores *La Lealtad*, sendo elixido tamén presidente da Federación Local Obreira en 1915, ano no que traballou intensamente no Comité de Defensa Económico Local. Participou en numerosos mítins, foi vocal do centro de estudos sociais *Germinal* e activo defensor da escola laica da Coruña.

¹⁵ O xastre Eduardo Paredes Rodríguez presidiu o sindicato do seu oficio e formou parte das xuntas directivas de *Germinal* e da *Antorcha Galaica de Libre Pensamento* e traballou intensamente en defensa do Comité de Defensa. Foi un dos asinantes dos estatutos de *A la Tercera República* e foi elixido secretario da agrupación provincial do Partido Radical-Socialista en 1933.

¹⁶ Ángel del Castillo López era unha destacada personalidade na Coruña como escritor, historiador, profesor da Escola de Comercio e arqueólogo. Foi membro da Real Academia Galega e do *Seminario de Estudios Gallegos* e autor de numerosos artigos e libros.

¹⁷ Cortés Bugía presentárase como candidato socialista nas eleccións municipais de novembro de 1913.

¹⁸ O republicano Lens foi concelleiro en varias ocasións e presidiu durante anos a institución benéfica da Cociña Económica. *El Noroeste* e *La Voz de Galicia*, 3/3/1915 e 6/3/1915 dan conta dos nomes que integraban as citadas comisións.

tamén as principais propostas que elas formulaban. Así, por exemplo, na reunión do 15 de marzo, presidida por Juan No e que contou con numerosa concorrencia, tomáronse novos acordos entre os que destacan:

- 1º Que los propietarios no puedan desahuciar, mientras duren las actuales circunstancias, a los inquilinos que no paguen los alquileres por hallarse sin trabajo.
- 2º Que los alquileres de viviendas se regularicen con arreglo a las cantidades declaradas por sus propietarios en el registro fiscal.
- 3º Que el Ayuntamiento invierta en construir casas para obreros las cantidades presupuestadas para asfalto de calles y fiestas populares.
- 4º Que se activen las obras del asilo nocturno y se habilite un local para albergue de los individuos desahuciados.
- 5º Que se recabe la derogación circunstancial de la ley de desahucio, y
- 6º Que se cumplan las ordenanzas municipales en cuanto a higiene, ornato y seguridad de viviendas se refiere. (*El Eco de Galicia*, 16/3/1915).

A mediados de abril de 1915 o Comité de Defensa Económico Local decidiu formar una nova sección –Comisión de Asuntos Económicos, Morais e Materias– encargada de estudar a forma de combater os desastrosos resultados que causaba o alcoholismo¹⁹.

O principal cometido da Comisión de Panificación era conseguir do Concello que interviñese a favor de impor maior control nas calidades, especialmente o peso e o prezo do pan, e para iso presentou á Alcaldía, presidida por Javier Ozores Pedrosa, solicitudes para que o Concello obrigase *a los industriales panaderos a que señalen las piezas de pan que fabrican con una marca que acredite la tabona donde fue confeccionado a fin de poder denunciar a todos los que intenten defraudar en el peso al público*. (*El Noroeste*, 19/3/15). Ante a pasividade municipal, o Comité optou por unha vía máis rápida dirixíndose directamente aos panadeiros a través dunha circular na que advertía da ilegalidade na que incorrerían as pezas de pan que non levasen a marca da tafona na que foron elaboradas, pero a maioría dos panadeiros continuaron desoíndo a norma²⁰.

Non correu moita mellor sorte a Comisión de Subsistencias, que se atopou coas mesmas dificultades que a Xunta Provincial de Subsistencias, e a da Crise de Traballo de modo que, durante os meses da súa actuación, os logros foron practicamente inapreciables. As numerosas peticións enviadas ao Concello con propostas concretas minimamente gravosas para as arcas municipais tales como o asfaltado dalgunha rúa, o arranxo de xardíns, ou que o Concello solicitase do Goberno a autorización para gravar os solares co obxectivo de forzar aos seus propietarios a construír neles e dar así traballo a tantos obreiros en paro, non foron respondidas positivamente polo Concello.

A angustiada situación que sufrían as numerosas familias que non contaban con recursos suficientes para o aluguer da vivenda fixo que a Comisión de Inquilinato buscase

¹⁹ *El Noroeste e La Voz de Galicia*, 18/4/1915.

²⁰ *El Comité de Defensa Económico Local de La Coruña ha acordado colocar pasquines en los sitios públicos con los nombres de los panaderos que se niegan a marcar en las piezas su peso en gramos*. (*El Norte de Galicia*, 23/4/1915). *El Noroeste*, 25/3/1915; *El Eco de Galicia*, 25/3/1915.

medios de presión para que os propietarios tivesen en conta a difícil situación na que se atopaban tantos obreiros pola falta de traballo. Así, solicitou *Que mientras dure la anormalidad, los propietarios no procedan a desahucio alguno por falta de pago, siempre que se demuestre que el arrendatario o inquilino se halla sin trabajo o empleo a causa de la crisis que se advierte. La cantidad que se adeude la percibirá el propietario en plazos convenientes desde el momento en que el deudor encuentre ocupación* (*El Noroeste*, 24/3/15). A petición de paralizar os posibles desafuzamentos foi formulada polo Comité en varias ocasións, tanto ao Concello como á Cámara da Propiedade, pero sen resultados positivos.

Ademais da actividade específica do Comité, en varias ocasións participou, a través dos seus membros máis destacados, en mitins e accións reivindicativas directamente relacionadas cos seus obxectivos. Así, en marzo de 1915, Fernando Cortés, no nome do Comité, participou no mitin organizado polos ferroviarios e presidido polo secretario do sindicato, Severino Chacón, acto no que se concluíu coa redacción e envío dun telegrama ao presidente do Consello de Ministros, Eduardo Dato, no que se dicía: *Los ferroviarios y obreros en general lamentan la pasividad del Gobierno ante la crisis de trabajo y el encarecimiento de las subsistencias. Urgen soluciones prácticas. Abogamos por el mantenimiento de la neutralidad.* (*El Noroeste*, 22/3/1915). Tampouco a resposta do Goberno tranquilizou aos coruñeses²¹.

A falta de resposta positiva do Concello ás peticións do Comité desesperaba aos seus dirixentes²², que non vían saída a unha crise que eleva o paro ao 43% dos traballadores censados na cidade. Segundo os datos enviados por Ricardo Vázquez e publicados en *El Socialista* (20/4/1915), estaban en paro 300 peóns e albaneis, 12 ferreiros, 106 carpinteiros, 50 canteiros, 48 pintores, 25 tipógrafos, 80 traballadores do peirao, 400 tecelás, 35 litógrafos, 100 construtores de calzado e 200 misteiras que fan un total de *1.356 obreros de ambos sexos, de las industrias en que se puede averiguar el número de parados. (...) Unido esto a la alteración de precios que experimentan las subsistencias desde el principio de la guerra, en un 20 por ciento, por lo menos, puede llegarse a la idea exacta, sin contar la subida de los alquileres de la propiedad urbana, de la difícil situación que hoy existe para el trabajador en esta capital. Esta ha sido la causa de que se constituyese un Comité local, donde están representadas e intervenidas todas las Sociedades obreras, el que acordó, al fin, dirigirse al Ayuntamiento en demanda de ejecución de los trabajos que tiene pendientes de realización, como son el nuevo mercado, el balneario de Riazor, los grupos escolares, la escuela de comercio, las obras complementarias del palacio municipal y dar mayor impulso a las del alcantarillado; pero la Corporación no tuvo más solución que una gárrula palabrería que no sirve para aplacar el hambre; y en tal forma*

²¹ *Sin necesidad de otro estímulo que el del cumplimiento del deber ante la gravedad de las circunstancias, el Gobierno atiende al problema económico que el conflicto europeo ha planteado, habiendo conseguido, por las disposiciones adoptadas, que los precios de los artículos de primera necesidad sean inferiores a los que rigen en los demás países neutrales.* (*El Noroeste*, 23/3/1915).

²² Na xuntanza do 31/3/1915, as comisións municipais de Obras, Policía, Facenda, Beneficencia e Mercados presentaron os seus respectivos informes como resposta ás peticións dos obreiros; en liñas xerais, estas respostas pouco modificaban a situación, ben por problemas derivados dos orzamentos establecidos, ben pola escaseza de fondos para iniciar novas accións. (*El Noroeste*, 1/4/1915). A actitude do Concello, dominado polos concelleiros republicanos, era duramente criticada polos diarios católicos *El Eco de Galicia*, 15, 25/4/1915 e *La Voz de la Verdad*, 15/4/1915.

desaprensiva fue su comportamiento el día de la sesión, que después de la simple lectura de la solicitud enviada se debatió esta sin que un edil de los que constituyen la mayoría republicana se dignase defenderla.

Nos meses seguintes o Comité continuou reuníndose e traballando e o 14 de abril celebrou un gran mitin no Teatro-Circo Emilia Pardo Bazán no que os oradores deron conta das actividades realizadas desde a súa constitución, pero no que tamén se apreciaban signos de debilidade e desánimo polos escasos resultados conseguidos, culpando ás autoridades polo que consideraban pasividade e mala xestión da crise. O mitin estivo presidido polo tipógrafo Juan No e nel participaron José Pita e Benito Couceiro, da Comisión de Inquilinato; Bernardo Subiela e Severino Chacón da Comisión de Crise de Traballo; José Patricio, Camilo Ramos e José Creo da Comisión de Panificación. Xunto a eles, outros oradores en representación de diferentes sociedades obreiras insistiron en argumentos similares aos expostos en ocasións anteriores destacando a culpabilidade de quen debería poñer máis empeño en solucionar os problemas²³. Ante a falta de resultados varios dos seus membros abandonaron o Comité²⁴; algunhas das reunións tiveron que suspenderse por falta do número mínimo de asistentes²⁵; as sesións de traballo fóronse distanciando no tempo, e todo contribuíu a que o traballo do Comité fose sendo cada vez menor. Aínda que as reunións celebradas son recollidas pola prensa durante os meses que van de maio a novembro²⁶, e que parecía que a actividade do Comité rexurdía a raíz dunha denuncia interposta contra unha decisión do Concello²⁷ e a celebración de varios mitins, a finais de 1915 o Comité estaba practicamente inoperante.

O 7 de outubro dimitiu o alcalde conservador Javier Ozores Pedrosa, alegando motivos de saúde, sendo substituído por Manuel María Puga e Parga, que ocupará a Alcaldía

²³ Benito Couceiro: *Algún concejal ha dicho que el Comité ha nacido muerto, y no es verdad; este comité vive y aunque a los individuos que lo integran los lleven a la cárcel, sabrán desde allí dar muestras de que no ha muerto.* Severino Chacón: *Pronunció un cálido discurso censurando al Ayuntamiento y a las llamadas fuerzas vivas por su apatía ante el pavoroso problema del hambre. (...) Fustigó al Gobierno por doblegarse a las presiones de los acaparadores del trigo, comprándoles a estos el gramo pagándose en oro, habiéndolo ellos comprado por plata. Y terminó diciendo: hemos estudiado mucho, hemos trabajado mucho, pero hemos hecho muy poco, porque quien debía atender nuestras peticiones no ha querido oírlas, sencillamente porque no le importan los intereses de los trabajadores explotados.* Camilo Ramos: *Entiende que las casas desalquiladas por desahucio deben ser boicoteadas, que se revise el registro fiscal de fincas urbanas para los efectos de pagos al Estado. (...) terminó diciendo que hay que declarar la guerra al Municipio.* (*El Eco de Galicia*, 15/4/1915).

²⁴ *Anoche se reunió el Comité de Defensa Económico Local para dar cuenta de las renuncias que de sus cargos hicieron varios señores, pertenecientes a las distintas secciones de dicha entidad.* (*El Eco de Galicia*, 15/5/1915).

²⁵ *La asamblea que estaba anunciada para celebrar anoche el Comité de defensa económico local, no pudo verificarse por falta de número.* (*El Eco de Galicia*, 14-6-1915).

²⁶ Localizamos as seguintes referencias de reunións do Comité nas que se dá breve conta dos asuntos tratados: *La Voz de Galicia*, 28/4/1915; 15, 26/5/1915; 11, 15/6/1915; 7/7/1915; 1, 11/8/1915; 11/9/1915; 18, 20/10/1915. *El Eco de Galicia*, 30/4/1915; 15/5/1915; 11, 15/6/1915; 7, 26/7/1915. *El Norte de Galicia*, 9/7/1915; 4, 11/8/1915.

²⁷ O Comité decidira *presentar al Ayuntamiento una solicitud entablando recurso de alzada contra el acuerdo de la Corporación municipal, por el cual se otorga al contratista de las obras del alcantarillado, de modo indebido, la suma de 5.050 pesetas, como interés por el pago de obligaciones de parte de dichas obras.* (*El Eco de Galicia*, 9/7/1915). O tema tivo eco na prensa crítica co Concello. (*El Eco de Galicia*, 26/7/1915; *El Norte de Galicia*, 9/7/1915; 4, 11/8/1915).

unicamente ata o 31 de decembro de 1915. Con motivo das eleccións municipais de novembro, o Comité distribuía unha folha na que se culpaba ao Concello de gran parte do seu fracaso e alertaba aos votantes obreiros para os próximos comicios:

Se repartió ayer al público una hoja en que las clases directoras de los elementos obreros en la localidad excitan al pueblo trabajador a que se abstenga de votar en los comicios de hoy. (...) He aquí cómo se expresa hoy el obrero coruñés: “A consecuencia, no de la guerra como erróneamente se afirma, sino de la injusta y pésima organización de la sociedad, la carestía de la vida ha llegado a tomar proporciones alarmantes. Para tratar de aminorar, en parte, tales proporciones, constituyose en La Coruña una entidad popular denominada “Comité de Defensa Económico Local” (...) Tan pronto dicho Comité comenzó a desenvolver la acción que le era propia (...) el Municipio, compuesto en su mayoría de republicanos llevados a él por el voto de los trabajadores, púsose inmediatamente en contra del citado Comité, y no cesó en sus intrigas y pugna hasta conseguir anular toda acción derivada de dicho Comité. La clase obrera y el pueblo acudieron varias veces a las sesiones celebradas por el Municipio, con el fin de hacerse oír y respetar sus derechos, pero los señores concejales elegidos por los trabajadores y el pueblo, supieron impedir que sus electores vieran atendidos y respetados sus derechos (...). Es preciso que, de una vez y para siempre, cese el trabajador de ejercer el triste papel de comparsa de ciertos elementos”. (*La Voz de Galicia*, 14/11/1915).

En decembro de 1915, Benito Couceiro como presidente e Antonio González como secretario do Comité de Defensa Económico Local enviaron unha carta á prensa para a súa publicación na que incluían a protesta enviada ao Concello ante o restablecemento do imposto de consumos sobre dous produtos básicos, as patatas e a leña:

Los que suscriben, vecinos de esta ciudad, enterados de que esa Corporación pretende establecer de nuevo un gravamen sobre las especies que son la base de la alimentación de las clases humildes, recurrimos al Ayuntamiento, haciendo uso del derecho que concede la exposición al público de los presupuestos municipales, para que tenga a bien gravar otras fuentes contributivas, tales como son las confituras, el hielo, etc. y vigile la tributación sobre las contribuciones industriales, los carruajes de lujo y otros tantos aspectos del fisco, en vez de recargar la leña y las patatas que, en unión del pan, son elementos principales para la vida y la alimentación de la mayoría de los ciudadanos.

Déjense las obras suntuarias y de heroseamiento que están proyectadas para el año próximo, y así no habrá necesidad de recurrir a ningún impuesto nuevo.

Las circunstancias por que atraviesa la clase trabajadora y la elevación de los precios en cuantos artículos tienen relación con el conflicto europeo, hacen que protestemos contra el impuesto que el Ayuntamiento trata de imponer a los dos mencionados, porque viene a hacernos más difícil nuestra ya sobradamente penosa existencia. (*La Voz de Galicia*, 30/12/1915).

O 1 de xaneiro de 1916 o Goberno, presidido polo Conde de Romanones, nomeou alcalde da Coruña a Manuel Casás Fernández, que mostrará maior sensibilidade que os seus antecesores cara ás cuestións sociais. A súa iniciativa de organizar unha asemblea na

que participasen as forzas vivas da cidade solapaba en gran medida os obxectivos do Comité, polo que este foi esmorecendo ata deixar de funcionar en 1916²⁸.

ASAMBLEA POPULAR

Os problemas que non foi capaz de solucionar o Comité de Defensa Económico Local continuaban afogando á clase traballadora coruñesa. As asembleas obreiras tratando de buscar solucións eran diarias, igual que os escritos ao Concello instando a que tomasen medidas eficaces. Así, na asemblea que tivo lugar no local dunha das agrupacións máis poderosas, a dos carpinteiros de *La Emancipación*, o 1 de marzo de 1916, os máis de 400 reunidos ameazaron con declarar a folga xeral se o Concello non daba unha resposta satisfactoria ás súas demandas. Nesta decisión extrema contaban con que o talante que parecía mostrar o novo alcalde Manuel Casás Fernández²⁹, permitise acelerar as reformas prometidas, e así llelo fixeron saber na entrevista que con el tiveron os representantes obreiros; o alcalde comprende a situación e dálles explicacións das dificultades coas que se atopaba o Concello:

El Sr. Casás los recibió en el despacho de la Alcaldía (...) En dicho escrito se dice que, si el Ayuntamiento no modifica su línea de conducta por lo que se refiere a la solución de la crisis de trabajo (...) se verán en la precisión de acudir a un paro general.

Enterado el Alcalde de aquel documento, habló a los obreros congregados en su despacho, para decirles que él y el Ayuntamiento lamentan el problema que la escasez de trabajo plantea en La Coruña y están animados de un vivo deseo de resolverlo dentro de los limitados recursos del Municipio.

Para ello se emprenderán obras que tienen consignación expresa en el presupuesto aprobado por el Ayuntamiento y la Junta Municipal para el corriente año; pero ello no podrá ser hasta que el presupuesto obtenga la sanción gubernativa que depende en estos momentos de la resolución de un recurso de alzada interpuesto por la “Mutua Mercantil”. (...)

²⁸ En xaneiro de 1917 xa se refiren os elementos obreiros ao fenecido Comité de Defensa Económico Local nunha folla distribuída entre os traballadores: *Cansados de oír que los trabajadores coruñeses organizados estamos de parte del bando que hoy tiene la hegemonía en el Municipio, estimamos llegado el momento de exponer con sinceridad y completamente libres de prejuicios que el elemento obrero no puede manifestarse de semejante modo. (...) ¿Cómo podemos nunca estar al lado de quienes se opusieron en el Ayuntamiento a la protesta contra la ley de Jurisdicciones? ¿Cómo estarlo con aquellos que calificaron de política a una entidad genuinamente obrera como lo era el ya fenecido Comité de Defensa Económico Local, negándole personalidad y recibiendo descortésmente a sus representantes? ¿Cómo estar al lado de los que han votado subvención para las corridas de toros mientras en la población se carecía de trabajo; que han pretendido solventar sus despilfarros imponiendo tributos a los artículos de exclusivo consumo del pobre, como son las patatas y la leña?* (*La Voz de Galicia*, 25/1/1917).

²⁹ O novo alcalde tomou posesión da Alcaldía o 1 de xaneiro de 1916 e permanecerá no cargo ata o 12 de xuño de 1917. Sobre a actividade de Manuel Casás: Daviña Sáinz (1999). A situación política da Coruña complicaba a actuación dun alcalde monárquico de designación governamental porque a maioría dos concelleiros pertencían a partidos republicanos. Así, a Corporación de 1916 estaba formada por 26 concelleiros republicanos, 7 monárquicos, 1 independente e 1 da candidatura Pro-Oza. (Giadás, 1997:369). Xa que logo, os republicanos eran peza clave na política municipal coruñesa, de modo que nomeaban ao primeiro tenente de alcalde, cargo de grande importancia porque, por ausencia ou delegación do alcalde, exercía a Alcaldía accidental.

Para cubrir el déficit que arrojaba el presupuesto se pensó en gravar la patata y la leña, desistiéndose de ello cuando el pueblo hizo manifestación de su descontento. Hemos sustituido aquel impuesto por un recurso que grava el vino, y contra tal medida no protesta el consumidor, pero lo han hecho los industriales federados en la “Mutua Mercantil”.

Y he aquí una situación difícil para la Alcaldía y para el Ayuntamiento: el pueblo pide trabajo con perfecto derecho, y nosotros estamos imposibilitados de dárselo en la cuantía que es nuestro deseo, porque, sin movernos dentro de una absoluta ilegalidad, no podemos hacer gastos que a ese presupuesto afectan.

Os prometo –terminó diciendo– que, una vez aprobado el presupuesto se acometerán las obras que llevan en él consignación. (*La Voz de Galicia*, 2/3/1916).

Tras a aprobación do orzamento municipal, o alcalde deu orde de que se iniciasen as obras consignadas nel, pero as dificultades non cesaron: as subsistencias seguían sendo escasas e caras, faltaba carbón como combustible para os barcos, as folgas sectoriais eran continuas e mesmo dentro da Corporación municipal había problemas entre os diferentes grupos políticos representados, especialmente entre os republicanos e o alcalde³⁰.

Con este panorama de fondo, e a partir da iniciativa presentada o 1 de marzo polo concelleiro monárquico Tomás Longueira³¹, Casás propón que se convoque unha asemblea de organismos coruñeses para acordar as bases dun plan xeral de melloras para ser solicitadas ao Goberno. A Corporación aprobou a proposta e o alcalde comezou a facer as xestións para formar unha *Asamblea Popular* ou *Asamblea de Fuerzas Vivas*³². Mediante o envío dunha convocatoria a numerosas persoas e institucións da cidade³³, Casás solicitaba a asistencia a unha asemblea que se celebraría o 27 de abril no salón de sesións do Concello³⁴. A esta primeira asemblea, na que se trazarían as liñas básicas de traballo e designarían as comisións de traballo, seguiría outra uns días máis tarde no Teatro Rosalía de Castro na que as diferentes comisións darían conta do traballo realizado.

³⁰ Tratando de controlar produtos básicos como os cereais e as patacas, o 10 de marzo de 1916 o gobernador civil, como presidente da Xunta Provincial de Subsistencias, esixiu dos almacenistas unha relación de existencias destes produtos. A folga da pesca mantivo en paro aos traballadores durante o mes de abril coincidindo coa dos axudantes de perruquerías e barberías e outros colectivos cos seus talleres. O problema dos mercados dificultou o entendemento entre os grupos políticos municipais pois, ante a sospeita de irregularidades no cobro de arbitrios sobre venda na praza de abastos, logo de instruído o correspondente expediente, o alcalde suspendeu aos concelleiros encargados do servizo, situación que provocou a protesta do grupo republicano que tiña maioría na Corporación; a necesidade de contar cos seus votos para a probación do orzamento obrigou ao alcalde a rectificar.

³¹ A proposición de Longueira estaba centrada na urxencia de conseguir a ampliación de liñas de comunicación (ferrocarril A Coruña con Santiago, Ourense, Zamora, Ferrol e Xixón) e a creación de depósitos comerciais (como instalacións previas para a creación dun porto franco).

³² A documentación relativa a esta asemblea consérvase no Arquivo Municipal da Coruña: *Expediente relativo a la Asamblea Popular para formar un plan de mejoras locales y al viaje realizado a Madrid por una Comisión de su seno a fin de gestionar algunas de aquellas*. (AMC. AC. c-7577).

³³ Case un centenar de invitacións foron enviadas desde o Concello para participar na asemblea, tanto a persoas a título individual (deputados provinciais e das Cortes, senadores, autoridades civís, militares e eclesiásticas) como polo seu cargo (presidentes, directores de institucións) e a todas as organizacións culturais, políticas e sociais da cidade.

³⁴ A asemblea tería dúas sesións diferenciadas: a primeira, para a Corporación municipal, celebraríase ás 16 horas e a segunda, unha hora máis tarde, á que poderían sumarse todas as persoas invitadas.

Nos días seguintes chegaron ao Concello numerosos escritos de diferentes institucións cos nomes das persoas que desexaban colaborar coa iniciativa municipal³⁵. O traballo a realizar quedou distribuído en seis comisións que debían achegar os seus estudos e conclusións a partir dun cuestionario³⁶ facilitado a cada unha delas: Obras públicas³⁷, Ensinanza³⁸, Comunicacions e transportes³⁹, Subsistencias⁴⁰, Graza e Xustiza⁴¹ e Fomento do turismo e atracción de forasteiros⁴². A listaxe de cuestións a debater era moi ampla e ambiciosa e os presidentes das respectivas comisións (os concelleiros republicanos Antonio Lens Viera e Gerardo Abad Conde; o presidente da Cámara de Comercio, Germán Suárez Pumariega; o delegado de Facenda, Rivas Moreno⁴³; o decano do Colexio de Avogados, Ramón Blanco Rajoy e o presidente da *Liga de Amigos*, Rogelio Fernández Conde) tiveron traballo abondo nos días seguintes para presentar o resultado das súas propostas, que podían engadir ou eliminar ás do cuestionario inicial.

A cidadanía estaba ben informada de todo este proceso grazas á colaboración dos directores dos periódicos locais, que atenderon a petición formulada por Casás para que

³⁵ Nos escritos conservados figuran profesores das escolas de Artes e Industrias, da Profesional de Comercio, da Normal de Mestras, da de Náutica, profesores do Instituto e membros da Asociación Xeral Patronal. Aínda que a Asemblea xeral foi invitada a Federación Local Obreira non figuran nas comisións de traballo ningún dos seus membros polo que, tal como se recollía na prensa e no propio espírito da convocatoria, os convocados respondían plenamente ao concepto de *fórcas vivas*.

³⁶ *Cuestionario de mejoras locales que el Alcalde de la Coruña Don Manuel Casás presenta a la Asamblea de corporaciones y entidades reunida el 27 de Abril de 1916, para tratar del progreso local en sus distintos aspectos* (1916).

³⁷ Os aspectos do cuestionario que esta comisión debía estudar eran: construción de varios edificios: para servizos de Fomento, para Casa de Correos, para Escola de Artes e Industrias, para Observatorio Meteorolóxico, para oficinas de Facenda e outro para a sucursal do Banco de España; pavimentación da praza de Pontevedra e das travesías de Socorro e Rubine; ensanche da estrada desde A Coruña a Madrid e a Fisterra; construción dun cuarto tramo da estrada da dársena ao monte de San Pedro; cesión ao Concello dos terreos ocupados por edificios de servizo do porto para ampliar o parque de Méndez Núñez.

³⁸ Segundo o cuestionario, esta comisión abordaría a creación de varias escolas: unha de Enxeñeiros Agrónomos, outra de Capataces Agrícolas, outra de Enxeñeiros Industriais e unha cuarta Escola Normal para Mestres e a creación dunha Biblioteca Pública; abordaría a solicitude de ampliación da ensinanza na escola de Artes e Industrias para crear nela os títulos de mecánico e perito electricista; construción de varios edificios: un pavillón para as cantinas escolares, un edificio destinado a escolas de Comercio e Náutica, outro para Escola Normal de Mestras e outro para Arquivo Xeral de Galicia; subvencións para grupos escolares en proxecto, para adquisición de material escolar, para a Universidade Popular, para as Colonias Escolares.

³⁹ A esta comisión se lle encargaba o traballo de analizar e propor solucións para: a construción de varios tramos ferroviarios: o da costa, o da Coruña a Carballo-Corcubión-Santiago e o rápido a Madrid; melloras na estación da Coruña; construción dun edificio para viaxeiros marítimos; unha estafeta no Ensanche; rebaixas no transporte de minerais e cereais; habilitar o porto para a descarga de minerais; creación do porto franco e o establecemento da liña directa A Coruña-Nova York.

⁴⁰ O principal cometido desta comisión era abordar a complexa problemática da libre importación de trigo, millo e fariñas con carácter permanente.

⁴¹ Aos compoñentes desta comisión se lle propuxo abordar: a construción dun Palacio de Xustiza, a cesión do Castelo de Santo Antón para cárcere, restablecer a sección 2ª do criminal e a división do partido xudicial da Coruña en dous distritos.

⁴² Para potenciar o turismo, á comisión se lle propoñía estudar solucións sobre: conservación de estradas e construción doutras novas para facilitar o tránsito e a comunicación como medio para arraigar o turismo.

⁴³ En escrito enviado ao Alcalde con data do 30/4/1916, o delegado de Facenda escusaba presidir a Comisión de Subsistencias por considerar que non era compatible co cargo que desempeñaba.

abrisen unha sección especial dedicada ao seguimento dos traballos da Asemblea das forzas vivas da cidade. E mentres as comisións realizaban o seu traballo, o alcalde enviaba comunicados e telegramas ás principais autoridades do Estado dando conta da xestión que se estaba a realizar⁴⁴.

Ao longo do mes de maio as seis comisións foron enviando ao Concello os seus traballos⁴⁵, de modo que a primeiros de xuño o alcalde podía contar cunha ampla documentación coa que tratar de presionar ás autoridades en Madrid para conseguir as melloras demandadas. Con esta finalidade, o 7 de xuño saíu para a capital do Estado unha comisión formada por unha representación dos membros que formaban parte das seis comisións de traballo organizadas pola Asemblea Popular⁴⁶. No mesmo día da marcha eran enviados telegramas ás autoridades que ían ser visitadas en Madrid e que xa eran coñecedoras da situación polos comunicados anteriores.

A listaxe de peticións era ampla e o monto económico, aínda que repartido entre varios ministerios, era moi elevado⁴⁷. E mentres a comisión estaba en Madrid, o alcalde

⁴⁴ *El Ayuntamiento, Cámara de Comercio, Junta Obras Puerto, Liga Marítima, Consejo Fomento, Sociedades Recreo, Centros Docentes Oficiales, Asociaciones Populares y todos organismos en suma, que integran la vida coruñesa, reunieron Asamblea magna para constituir importante núcleo de fuerzas representativas población y que labore realización de programa mejoras esta ciudad necesita. Trátase movimiento opinión orientado hacia progreso Coruña, ciudad que precisa salir inercia viene padeciendo, a pesar de sus condiciones envidiables para ser población grande. Primer acto dicha asamblea, que seguirá en reuniones sucesivas desarrollando plan dichas mejoras, ha sido saludar a V.E. y a sus dignos compañeros de Gabinete, expresándoles simpatía y consideración que les merece y rogándoles que ese Gobierno preste aspiraciones coruñesas preciso apoyo oficial, la necesaria ayuda, velando así por progreso esta capital que ahora comienza a concretar sus mejoras indispensables. Cumpló acuerdo Asamblea con gusto y satisfacción significándole con cuanto agrado ve pueblo Coruña al frente poderes públicos personas íntimamente conocedoras necesidades país y encariñadas con intereses generales. Alcalde Manuel Casás. 9/5/1916. (AMC. AC. c-7577).* Desde a Alcaldía cursáronse telegramas de comunicación ao presidente do Consello de Ministros, aos ministros de Fomento, Instrución Pública, Facenda, Graza e Xustiza, así como aos directores xerais de Comercio, Correos, Banco de España, Compañía de Ferrocarrís do Norte e presidente Consello Superior de Fomento, sen esquecer os deputados e senadores pola Coruña.

⁴⁵ Os documentos dos traballos das comisións poden consultarse en Daviña Sáinz, 1999:243-323. No expediente do Arquivo Municipal citado consérvanse tamén os informes e ponencias que sobre os diferentes aspectos elaboraron os membros das comisións de traballo durante os meses previos á marcha da comisión que foi a Madrid e que serviron para seleccionar os asuntos a tratar na capital.

⁴⁶ A comisión que foi a Madrid estivo integrada polo alcalde Manuel Casás, os concelleiros Gerardo Abad Conde, Tomás Longueira Díaz e Alejandro Barreiro; o secretario do Concello, Joaquín Martín Martínez; o vicepresidente da Cámara de Comercio, Emilio Morodo; o presidente da Liga Marítima, Nicandro Fariña; o presidente do Sindicato Cámara Agrícola, Leopoldo Hernández Robredo; o presidente da Xunta de Obras do Porto, Enrique Fraga; o presidente da Asociación Patronal, Ángel S. Ferrer e os deputados provinciais Ubaldo Barcón e Ramón Vilas.

⁴⁷ *ASUNTOS QUE LA COMISIÓN GESTIONARÁ EN MADRID. Construcción del cuarto trozo de la carretera de circunvalación. Cesión de una faja de terreno para ensanche de las calles de Marina y Montoto. Cesión de los terrenos que ocupan los almacenes y edificios de Obras Públicas, en las inmediaciones del derribado teatro circo. Construcción de un edificio para Palacio de Hacienda. Idem para la Casa de Correos. Idem para la sucursal del Banco de España. Pavimentación por el Estado de la Plaza de Pontevedra. Formación de un registro fiscal para Oza. Cesión del lazareto de Oza, para establecimiento de un puerto de pesca. Creación de clases para peritos aparejadores, en la Escuela de Artes e Industrias. Subvención del Estado para un edificio destinado a Escuela de Comercio y Náutica. Construcción del edificio, hace años proyectado, para Archivo general de Galicia y Escuela Normal de Maestros. Elevación de la Escuela Profesional de Comercio a la categoría de Escuela de Intendentes. Creación de una sección para adultos en dicha Escuela. Idem de una Escuela de peritos agrícolas con carácter regional en la Coruña.*

accidental, o republicano Juan González Rodríguez, continuaba a liña de traballo iniciada por Casás e respondía ás consultas que sobre varios temas lle formulaban os comisionados na capital do reino⁴⁸. A comisión enviada a Madrid estivo traballando ata o día 28 de xuño e regresou o 29 á Coruña⁴⁹. Cal foi o resultado dos traballos da Asemblea Popular en xeral e da comisión que foi a Madrid en particular? Evidentemente, un plan tan ambicioso non podía concretarse de forma inmediata pero si se puxeron as bases para conseguir moitos dos seus obxectivos anos máis tarde.

Sería insensato pretender que por el solo efecto de un acto de presenza en los ministerios, a las veinticuatro horas de realizarlo, tuviera una comisión en su bolsillo, absolutamente rematados, todos los renglones de un programa cuya ejecución depende del estado en que se encuentre el erario nacional. Véase el caso de las comisiones catalanas, valencianas, aragonesas y andaluzas, que son las más “entrenadas” de España en el procedimiento de acudir al Poder central en busca de concesiones. Acuden a Madrid, visitan, demandan, insisten y regresan cuando creen suficientemente planteadas sus aspiraciones. (...)

La comisión coruñesa puede, a su llegada a La Coruña, hacer un brillante resumen de lo que en Madrid abordó ante las personalidades políticas que en su mano tienen medios para dar solución a las aspiraciones de los pueblos. Primeramente merece ser subrayado su plausible empeño en concertar voluntades y disipar discrepancias para el beneficio de la región. Este tiene que ser alabado por los que piensan en Galicia al propio tiempo que en La Coruña. (*La Voz de Galicia*, 29/6/1916).

Entre as melloras conseguidas de forma case inmediata estaban unha serie de reformas no edificio da estación do ferrocarril e nos seus arredores, o envío de 1.600 Tn de millo con rebaixa de fretes, melloras na iluminación de faros e a promesa en firme da creación dunha escola rexional de peritos agrícolas na Granxa Experimental. Outros tardaron uns

Inclusión del ferrocarril de la costa en el plan de ferrocarriles estratégicos. Construcción del ferrocarril de Betanzos a Santiago por Cortiñas. Establecimiento de diferentes mejoras en la Estación de la Coruña. Aplicación al maíz y demás cereales, de la bonificación concedida para el transporte de los trigos. Establecimiento de una escala en la Coruña, en la línea directa a New York. Inclusión de nuestro puerto en los viajes a aquel norteamericano, en sustitución de los antiguos a Filipinas. Establecimiento de un tren rápido diario a Madrid, conduciendo correspondencia. Construcción de un Palacio de Justicia. Establecimiento de la Sección segunda de lo Criminal en nuestra Audiencia provincial. Creación de un nuevo Juzgado en este partido. Cesión del Castillo de San Antón para una escuela de pesca y una Estación biológica. Aprobación de la proposición de ley de fomento de turismo. Construcción de un edificio para Escuela de Artes e Industrias. El Ayuntamiento ofrece tres solares: uno para la Casa de Correos, otro para Palacio de Hacienda y otro para Palacio de Justicia. (AMC. AC. c-7577).

⁴⁸ Así, por exemplo, con data 7/6/1916 comunicaba o alcalde a Dionisio Tejero o acordo tomado na Asemblea Popular celebrada o día anterior para que trate de formar, con outros socios, un *Banco Local que se encargue, sobre la base del aborro coruñés, de explotar los negocios que aquí se emprendan, dejando en la Coruña la utilidad que llevan gentes de fuera por falta de esta acción común tan necesaria a nuestros intereses*. Ao día seguinte alertaba a Casás, ante a noticia de que o Ministerio de Gobernação solicitou do de Fomento a cesión de terreos para a construción da Casa de Correos na zona do porto, que o Concello decidira empregar esa zona para a ampliación no paseo da Mariña. Outra decisión da Asemblea do 6 de xuño foi a de crear unha sección especial, presidida por Ricardo Rodríguez Pastor, para estudar o fomento do tráfico directo entre A Coruña e Nova York.

⁴⁹ A comisión de Facenda do Concello aprobou un mes máis tarde a conta de gastos orixinados pola comisión que foi a Madrid e que ascenderon a 7.483,60 pesetas.

meses, como a fundación, en decembro de 1917, da sociedade anónima *Banco de La Coruña* cun capital social inicial de cinco millóns de pesetas, e outros tiveron que agardar anos para ser realizados⁵⁰.

Non cabe dúbida que a iniciativa de Casás conseguiu ilusionar ás forzas vivas ás que estaba dirixida, especialmente se temos en conta o elevado número de propostas presentadas por personalidades destacadas da política, do ensino e da cultura da cidade⁵¹, pero non conseguiu reducir a crise de traballo e a carestía das subsistencias que afectaban á maioría da poboación coruñesa.

En xullo tivo lugar a folga dos ferroviarios que tamén afectou á Coruña; os mitins sucedéronse na cidade e ás peticións tradicionais de rebaixa de alugueres e subsistencias sumáronse as demandas de amnistía; a traxedia de Nebra de outubro foi respondida na cidade cun enorme mitin no que participaron representantes obreiros e dos partidos republicanos; a folga xeral convocada pola UXT e a CNT, unidas ante o pavoroso problema das subsistencias, paralizou completamente a cidade durante o día 18 de decembro. O ano 1916 non podía rematar peor para a clase traballadora e as autoridades, a pesar das boas intencións manifestadas a través da Asemblea Popular e da asemblea celebrada en Madrid para tratar o asunto das facendas locais⁵², non conseguiron mellorar a situación.

AGRUPACIÓN POPULAR CORUÑESA

En marzo de 1917 se publicaba na prensa unha carta na que se expresaba unha idea, sen definir de forma concreta, que ben podería anunciar un novo intento de solucionar os variados problemas da cidade. Baixo un lema que todos poderían asumir como propio *–Para y por La Coruña–* os asinantes da idea, burguesía conservadora coruñesa ben co-

⁵⁰ Varios dos proxectos non logrados en 1916 puideron realizarse durante o segundo mandato como alcalde de Manuel Casás, xa durante a ditadura de Primo de Rivera, no bienio do seu mandato (1925-26): o edificio do Banco de España, a biblioteca pública dos xardíns de Méndez Núñez, o pavillón para as cantinas escolares e o inicio de obras que rematarán máis tarde como o novo cárcere, o edificio de Correos, o observatorio meteorolóxico, o palacio de Xustiza ou os grupos escolares Curras Enríquez e Concepción Arenal.

⁵¹ Entre estudos ou informes enviados figuran, por exemplo, o de Gerardo Abad Conde sobre a pavimentación da praza de Pontevedra; o de Santiago Casares Quiroga e Tomás Longueira sobre o edificio de Correos; o de Alejandro Barreiro e Eduardo Vila sobre o plan de uso pesqueiro e industrial dos terreos próximos ao lazareto de Oza; o de Mercedes Tella, Andrés Martínez Salazar e Eladio Oviedo e Arce sobre o edificio para arquivo xeral de Galicia e a biblioteca provincial; os de Celia Brañas sobre a elevación de categoría da Escola de Comercio e a creación dunha sección elemental para adultas na mesma escola; o de José María Hernansáez e Leopoldo Hernández Robredo sobre a creación dunha escola de peritos agrícolas; o do propio Casás, Carlos Puga Pequeño e Félix Estrada Catoyra sobre a urbanización dos extremos da ponte da Pasaxe; etc. etc. O seu conxunto permite detectar con detalle as necesidades da cidade á altura de maio de 1916.

⁵² Esta asemblea foi tamén unha iniciativa do alcalde Manuel Casás, que convocou en Madrid aos alcaldes das capitais de España para discutir o problemas das facendas locais, tema fundamental porque se culpaba ao sistema establecido da crise de subsistencias e da falta de traballo. A supresión do imposto de consumos alterou a obtención de recursos municipais, polo que se pedía acordar co Goberno un novo sistema de recadación que facilitase a xestión dos concellos. A asemblea, convocada inicialmente para o 25 de outubro, foi aprazada e desenvolveuse en Madrid entre o 15 e o 20 de novembro de 1916.

ñecida –Canuto Beraa Rodrigo, Julio González Valerio, Manuel Fernández Morales, Enrique Fraga, José Piñeiro, Ricardo R. Pastor e Demetrio Salorio– pero que non figurara como colaboradora do anterior proxecto de Casás, parecía querer propor algo propio e diferente en pro do progreso local.

Entre varios entusiastas coruñeses ha surgido la idea de formar una agrupación de vecinos que, inspirados por el amor a su pueblo, lazo exclusivo que ha de servirles de unión, se ocupe de todo asunto que pueda ser para La Coruña de interés público, se halle dispuesta a acoger toda iniciativa digna de consideración y sea un núcleo en el que se pueda apoyar cualquier laudable idea para tomar estado positivo.

Este propósito, completamente altruista, excluye todo entronizamiento de personalidades, toda labor partidista. PARA LA CORUÑA Y POR LA CORUÑA únicamente se ha de laborar en esta agrupación.

Ninguna idea política impedirá al buen coruñés venir a cooperar en obra tan levantada. A ninguna idea política hemos de atacar (...). El capital y el trabajo, la industria y el comercio, las manifestaciones todas de la producción y del valor económico, deben tomar parte en los problemas locales, y la sensible realidad en que todas estas manifestaciones andan dispersas y flotan como niebla que oscurece el horizonte. Aclararlo deseamos procurando su condensación en manantiales bienhechores.

No es posible de momento puntualizar más nuestra finalidad; ella dependerá, para encontrar términos más concretos, de la voluntad general que irá hasta donde lo estime oportuno, si nuestra tendencia merece buena acogida de los coruñeses y se constituye así un elemento fuerte. (*La Voz de Galicia*, 27/3/1917).

Na xuntanza mantida ao cabo dun mes, o 29 de abril na Reunión de Artesáns e convocada⁵³ pola directiva provisional, seguían defendendo o seu apoliticismo⁵⁴ e o obxectivo prioritario de loitar pola prosperidade e desenvolvemento da cidade. Con asistencia duns 300/400 asistentes aprobaron as bases e nomearon un directorio formado polos anteriores asinantes e cinco novos para completar unha directiva de doce membros: Julio López Bailly, Dionisio Tejero, Enrique Pérez Ardá, Ramón del Cueto e Dámaso Calvo.

Base 1ª. Para conseguir la prosperidad y desarrollo de La Coruña en todos los órdenes se constituye la Agrupación Popular Coruñesa. Base 2ª. Esta Agrupación participará en todas las manifestaciones de interés para la vida pública local. Base 3ª. Integrarán la Agrupación todos los amantes de este pueblo que estén dispuestos a sacrificarse hasta el punto de ofrendarle sus compromisos políticos en cuanto se relacionen con los fines de esta Agrupación.

⁵³ Debido ao elevado número de simpatizantes, a convocatoria fíxose a través da prensa: *En la imposibilidad de hacer invitaciones particulares por el crecido número de los adheridos, la Comisión convoca por medio de esta nota, así como por los carteles que se han fijado en las esquinas. Entiéndase que se convoca asimismo a todos los coruñeses que encuentren merecedores de apoyo los propósitos de esta Agrupación.* (*El Ideal Gallego*, 27/4/1917; *El Noroeste*, 28/4/1917).

⁵⁴ Sobre o seu apoliticismo, comentaba *El Noroeste* (29/4/1917): *Desde luego, la ausencia de toda filiación política e interés de bandería, cuya renunciación se impone en el programa del grupo si surgiese incompatibilidad con los fines de la asociación, da a ésta un carácter de gran prestigio y popularidad.*

Base 4ª. Regirá esta Agrupación un Directorio elegido por el sufragio de los adheridos y compuesto de doce personas, que designará las distintas comisiones que han de proponer e informar a fin de obtener el mejor resultado en lo referente a lo que en la primera base se menciona, utilizando para ello las condiciones y cualidades de cada una de las personas que integran la Agrupación. (*La Voz de Galicia e El Noroeste*, 30/4/1917)⁵⁵.

A Agrupación Popular Coruñesa figura inscrita no rexistro do Goberno Civil con data do 28 de maio⁵⁶. Con anterioridade, o directorio elixiu como presidente a Canuto Berea, a Enrique Pérez Ardá como vicepresidente e a Dionisio Tejero como contador-tesoureiro⁵⁷. A prensa conservadora non ocultaba a súa simpatía pola nova organización.

Quienes integran la junta que ha de dirigir la Agrupación Popular son garantía de que sin ruidos, sin populacherías, van a emprender un estudio sereno de cuanto puede hacerse a favor de la Coruña, y que van a hacer un esfuerzo para levantar de la postración en que actualmente se encuentra.

Solo el intento merece y cuenta con nuestra simpatía, modesta pero muy sincera; pero es necesario que todo el vecindario –cuanto mayor sea el número mejor–, acuda a inscribirse en las listas de adheridos, ya que si se alcanzan beneficios han de redundar en provecho de todos, y además demostrarán a los generosos directores de la agrupación que les acompaña el deseo y el fervor de todo el pueblo coruñés.

Parécenos que es necesario que la Agrupación Popular triunfe para bien de la Coruña y que todos, sin reservas y sin distinguos, le presten el apoyo a que tiene derecho, pues si fracasase nunca sería culpa de las dignísimas personas que la idearon y le dieron forma, sino de quienes no se hayan sumado a su meritísima labor. (*El Ideal gallego*, 1/5/1917).

Xa que logo, a medida que se ían concretando as ideas e as persoas dirixentes tamén se ía apreciando o seu talento e ideoloxía no que talvez contribuíron os acontecementos

⁵⁵ Completaban as bases os seguintes puntos: Base 5ª. *La sumisión en cuanto se refiera a la designación de candidatos para todos aquellos cargos que la Agrupación crea deben ser ocupados por elementos de su seno, así como también para desempeñar las funciones necesarias que tiendan a cooperar a su mejor éxito, será la norma de los que formen en sus filas. Una vez obtenida la representación pretendida, la persona elegida tendrá plena libertad de acción.* Base 6ª. *Unicamente en casos de incompatibilidad manifiesta podrá ser admitida la renuncia como candidato para determinado puesto, siendo potestativo de la persona que ya ocupe uno significado en cualquiera corporación o entidad local, el aceptar otro cuyo desempeño requiera trabajo excesivo o atención constante.* Base 7ª. *A fin de crear un fondo, del que se dispondrá cuando las circunstancias lo requieran, se ingresarán, por todos aquellos que lo estimen conveniente, cantidades cuya cuantía es voluntaria. Igual carácter voluntario tendrá el hecho de suscribirse con determinada cuota mensual para atender a los gastos que ocasione el funcionamiento de la Agrupación.* Base 8ª. *El Directorio se encarará de desenvolver en un reglamento el espíritu de las presentes Bases.*

⁵⁶ Arquivo do reino de Galicia. Fondo Goberno Civil. G-2658/6.

⁵⁷ Na reunión do 19 de maio aprobaron o regulamento e nomearon a xunta directiva. Ademais, se nomeou unha ponencia encargada de estudar o proxecto de creación do Banco de la Coruña e se fijó a cuota voluntaria mensual que han de satisfacer los socios de la agrupación en una peseta. (*El Noroeste*, 20/5/1917). *Se dio cuenta del proyecto local de que es autor el Sr. Tejero [o dun Banco da Coruña] y que fue remitido a la agrupación por el alcalde, Sr. Casás. Se acordó ver con simpatía este proyecto y someterlo a estudio.* (*La Voz de Galicia*, 20/5/1917).

de dentro e de fóra de España⁵⁸. Así que os propósitos iniciais quedaron reducidos á loita electoral⁵⁹ e á defensa dos intereses da clase burguesa conservadora⁶⁰, actuando unicamente nun tema social: a mendicidade, tratada desde o concepto da caridade e beneficencia.

A mendicidade na cidade era cada día máis preocupante, e dun modo especial a infantil, que enchía as rúas coruñesas de cativos famentos na procura dunha esmola. O obxectivo fundamental era suprimir a mendicidade rueira na cidade.

La “Asociación Popular Coruñesa” ha comenzado a dirigir una circular al vecindario, en el deseo de emprender una campaña que tendrá por norte mitigar la miseria y acudir a la solución del problema de la mendicidad, que en La Coruña se presenta verdaderamente pavorosa. (...) Se dirigirá a las Asociaciones y Patronatos de referencia, pidiéndoles relación de los pobres por ellos socorridos, a fin de evitar que vengan a serlo también por ella, duplicando la limosna. (...) Pedirá a la “Cocina Económica” un presupuesto de lo que costará el socorro individual para los mendigos que han de ser socorridos. (*La Voz de Galicia*, 15/2/1918).

El nuevo presidente [Luis Cornide] de la “Agrupación Popular” propuso a sus compañeros de Junta y por unanimidad fue aceptada la idea de reunir todos los esfuerzos diseminados en pro de la extinción de la mendicidad.

Es una obra que estaba reclamando que alguien con energía y dotado del don de la persistencia acometiese esa labor, la metodizase, llegando a formar el padrón de los necesitados y librando a la Coruña de la vergüenza de la pordiosería callejera, que es una afrenta para todos y especialmente para el Ayuntamiento coruñés y sus presidentes.

⁵⁸ As noticias de Rusia, coa caída do tsar en marzo; o manifesto conxunto de socialistas e anarquistas do 27 de marzo e a resposta do goberno suspendendo as garantías constitucionais e decretando o encarceramento dos asinantes; a dimisión de Romanones e o breve mandato de Manuel García Prieto, que evidenciaban a inestabilidade política; a asemblea de parlamentarios cataláns; a folga dos ferroviarios e, sobre todo a folga xeral revolucionaria de agosto que mantivo paralizada a cidade da Coruña do 13 ao 20 de agosto no marco dunha axitación social en considerablemente aumento.

⁵⁹ En xuño xa a prensa vía claro a tendencia da nova agrupación: *Tenemos en perspectiva una movilización del partido católico y de la Agrupación Popular Coruñesa para disputarse la confianza del cuerpo electoral enfrente de las huestes de la extrema izquierda. Y esto debe ser mirado con simpatía, ya que al fin es el primer paso para repeler la tradicional inercia contra la cual nos hemos pasado la vida protestando todos los vecinos, sin perjuicio de que al llegar el día de las elecciones se encogiesen de hombros viéndose votados ya por otros o contemplando el audaz desfile de pandillas electoraleras, los mismos que durante el resto del año condenaban una gestión contraria a los intereses del pueblo.* (*La Voz de Galicia*, 19/6/1917). *Estos días vienen reuniéndose en el local de la “Liga de Amigos” los miembros de la Agrupación Popular Coruñesa para tratar de la organización de los trabajos preparatorios para las próximas elecciones de concejales.* (*El Noroeste*, 22/6/1917). Nas eleccións de novembro de 1917 Pérez Ardá presentouse como monárquico sen afiliación partidista concreta centrando a súa campaña na crítica á maioría republicana no Concello.

⁶⁰ Rematada a folga xeral revolucionaria de agosto, Pérez Ardá, como presidente accidental, enviaba unha proposta ao Concello, datada o 27 de agosto 1917, propondo unha homenaxe ao exército: *Creyendo recoger esta Agrupación el sentir de la inmensa mayoría de la opinión local, ansiosa de que se exteriorice de algún modo solemne la gratitud del vecindario hacia el capitán general de la región y fuerzas de su mando, por las medidas adoptadas en bien del orden público, con ocasión de los últimos sucesos, ha pensado en que nada mejor ni de más fácil realización al indicado objeto, que la celebración de una recepción popular en el palacio de la Capitanía general.* (*La Voz de Galicia*, 29/8/1917).

La “Agrupación Popular” se propone acometer el problema de la beneficencia privada, hasta lograr que el socorro llegue a la mano del pobre, no como una dádiva fortuita, sino como algo periódico. (...) Es una cuestión en que están interesadas la caridad y la estética. (*El Ideal Gallego*, 16/2/1918).

Para concretar as accións encamiñadas a paliar a mendicidade, a Agrupación Popular comezou a organizar unha nova institución benéfica: o *Patronato de la Caridad*.

La Agrupación Popular Coruñesa continúa organizando el Patronato de la Caridad. Después de haber recabado los reglamentos por los que se rigen las instituciones de la misma naturaleza de Vigo, Gijón, Zaragoza, Santander y Sevilla, está procediendo a redactar los Estatutos del que se crea en esta capital.

Se cuenta con la valiosa cooperación de los señores gobernador civil, alcalde y presidente de la Diputación provincial (...). También los señores párrocos y presidentes de las distintas instituciones de carácter benéfico que existen en esta ciudad, acogieron con viva simpatía la fundación del Patronato al que ofrecieron su muy estimable apoyo.

Dentro de pocos días comenzará el empadronamiento de todos los llamados a disfrutar de los beneficios de la nueva institución. (*El Ideal Gallego*, 26/3/1918).

A comezos de abril de 1918, a Agrupación dirixiuse a diversas asociacións para constituír o *Patronato de la Caridad*, que comezou a funcionar ao mes seguinte. Un dos obxectivos prioritarios iniciais foi conseguir que volvese a funcionar un asilo nocturno para indixentes. As dificultades financeiras do Concello levaran á supresión dunha institución que viña funcionando desde decembro de 1916 e que, aínda que con moitas carencias, prestaba servizo a indixentes: o Asilo nocturno, unha realización do mandato do alcalde Manuel Casás que se suprimía, en febreiro de 1918, coa nova Corporación presidida polo republicano Gerardo Abad Conde, reubicando aos alí atendidos no Asilo Municipal.

El “Patronato de la Caridad” en La Coruña nace al calor de la “Agrupación Popular”, pero constituirá desde el primer momento un organismo con absoluta independencia. La Agrupación, que se reservó el nombramiento de la primera Junta directiva⁶¹, seguirá prestando su apoyo a la institución y contribuirá a su sostén con alguna cantidad mensual, de las mismas cuotas de sus socios.

Como no basta recoger los pobres de la calle, sino que hay que contar con un local en condiciones para albergarlos, se alquiló ya a D. Jenaro Fernández una buena parte del edificio –antigua fábrica– que posee en S. Roque de Afuera. Allí precisamente instalara el ex alcalde Sr. Casás el Asilo nocturno por él creado. Hay capacidad, ventilación, luz, aires sanos. A los locales

⁶¹ A xunta directiva estaba formada por: Enrique Toral, gobernador civil, como presidente; como vicepresidentes o alcalde, o presidente da Deputación e o presidente da Agrupación Popular Coruñesa, Luis Cornide; Ricardo Pernas, tesoureiro; José García Fernández, contador; Manuel López Vázquez, secretario; José Sánchez Mosquera, reitor de Santa Lucía, Emilio Fraga e Alfredo García Ramos como asesores; e como vocais: Francisco Ponte y Blanco, presidente da sección de socorros; Ángel Aperribay, presidente da sección de represión da mendicidade e Leandro Montes, xefe da Garda Municipal.

con que contaba aquel Asilo, recién cerrado por el Ayuntamiento, se añadieron algunos otros. (*La Voz de Galicia*, 17/5/1918).

A partir de entón, a Agrupación Popular Coruñesa centrará a súa actividade na organización de campañas para a recollida de donativos cos que reducir o grave problema da mendicidade, complementando a acción doutras institucións de beneficencia que xa funcionaban na Coruña con esa finalidade. En datas posteriores, a Agrupación Popular coruñesa quedou practicamente asimilada co Padroado da Caridade, que continuou funcionando durante décadas na cidade.

COMITÉ FOMENTADOR DEL TRABAJO

A comezos de 1918, a gravidade da situación na que se atopaba a clase obreira da Coruña polo incremento do desemprego moveu ao alcalde Gerardo Abad Conde a tomar a iniciativa e convocar unha asemblea coa finalidade de estudar os medios para tratar de solucionar a crise de traballo na que estaban sumidas centenas de familias traballadoras⁶².

Desde o inicio do seu mandato, o 1 de xaneiro de 1918, o republicano Gerardo Abad Conde manifestou a súa intención de tomar medidas para tratar de paliar a crise⁶³. Esta situación estaba agravada polas negativas consecuencias da folga de agosto de 1917, ao seren despedidos numerosos traballadores pola súa participación na protesta revolucionaria⁶⁴. De aí os escritos enviados á Alcaldía por parte de varias sociedades obreiras comunicándolle a situación dos seus afiliados⁶⁵.

Bo coñecedor da situación e desexoso de liderar un esforzo institucional para buscar remedio, o 15 de febreiro Abad Conde decidiu convocar unha reunión a celebrar o día

⁶² As actuacións da Alcaldía figuran nun expediente conservado no Arquivo Municipal da Coruña: *Año 1918. FOMENTO. Expediente relativo a una asamblea convocada para estudiar los medios de remediar la crisis de trabajo. Ayuntamiento de la Coruña.* AMC. AC. c-7578.

⁶³ O balance das obras realizadas na Coruña ao longo de 1917 dá boa idea da trágica situación na que estaba un dos motores do traballo na cidade: a construción. Unicamente se construíron seis edificios novos no casco urbano e catro no ensanche. *Todas las demás son obras que consisten en reposición de ripias, aleros, armaduras de cubierta, enlucidos, etc., etc. Ni ingreso para el Concejo ni adelanto para la población.* (*La Voz de Galicia*, 1/1/1918).

⁶⁴ A Coruña secundou a folga xeral revolucionaria iniciada o 13 de agosto de forma masiva e a cidade quedou paralizada ata o 21. O número de detidos foi elevado, case 200 persoas, entre elas o tenente de alcalde G. Abad Conde, o concelleiro Constantino Pazos Agra, o secretario do Concello Joaquín Martín Martínez, o enxeñeiro Emilio Pan de Soraluze, o comerciante Luciano Marchesi, o mestre librepensador Constancio Romeo e os líderes sindicais Severino Chacón, Juan No, Manuel Suárez e Germán Barreiro. Ademais, pola súa actuación durante a folga, o 27 de agosto foi destituído polo Goberno o alcalde Manuel María Puga y Parga (substituído por Carlos Puga Pequeño); en desagravio, 27 sociedades obreiras lle agradeceron o seu comportamento durante os 8 días de folga.

⁶⁵ Con data do 17 de xaneiro de 1918, Damián Ordás, secretario do sindicato dos ferroviarios (distrito norte, sección Coruña-Monforte) comunicaba ao alcalde que *Habiéndome enterado por la prensa de la propuesta que anima a V.E. y en beneficio de la clase obrera de esta población, esta Colectividad tiene el honor de participarle que desde agosto último estamos ciento veintisiete sin trabajo y en deplorable situación.* Nunha liña similar, o 18 do mesmo mes escribíalle Luis N. Gómez, secretario da Sección Tranviaria da Coruña: *De 50 asociados que la componen, en la actualidad se hallan holgando y en crítica situación 13 de los mismos a consecuencia de la última huelga de agosto.* (AMC. AC. c-7578). Estes dous casos exemplifican unha situación extrapolable aos outros oficios da cidade.

18 na Alcaldía. A convocatoria fíxose a través dunha circular enviada 286 veciños adiñeirados, os maiores contribuíntes (empresarios, banqueiros, concelleiros, deputados, senadores, facendados...), ás sociedades obreiras organizadas⁶⁶, ás sociedades e agrupacións existentes na cidade (de recreo, culturais, empresariais, políticas...), así como aos directores dos periódicos locais.

Muy señor mío: Agudizada de modo alarmante la crisis de trabajo que viene atravesando La Coruña, y acentuada, consiguientemente, la miseria de las clases sociales que no tienen otro patrimonio que el producto de su labor y de su esfuerzo, se hace preciso pensar en una campaña hondamente humanitaria e intensamente filantrópica que acuda a remediar, en lo posible, ese triste estado de penuria y de agobio.

La Coruña ha dado siempre prueba de poseer sentimientos de hidalga generosidad y munificencia, y en la presente ocasión en que el dolor embarga tantos hogares, en que la vida de los trabajadores se halla rodeada de dificultades para ellos insuperables y erizada de obstáculos que no pueden vencer por su propio impulso, ha de ofrecer seguramente —está ofreciéndolo ya— nobilísimo ejemplo y gallarda muestra de esa condición que tanto la enaltece.

Por eso, me permito dirigirme a V. rogándole que concurra a una Asamblea que se verificará en esta Alcaldía el lunes próximo, 18 del corriente, a las dieciocho horas, y en la cual habrán de concretarse los medios con que cada cual ha de contribuir a esa obra de consolar al que sufre.

De esa reunión debe salir algo decisivo que, aunando voluntades dispuestas a hacer bien, realice la obra de humanidad que La Coruña precisa: ayudar al necesitado y consolar al afligido.

La Coruña, febrero 15 de 1918. El alcalde, Gerardo Abad Conde⁶⁷.

⁶⁶ O presidente da Federación Local Obreira, Juan No, e o secretario da mesma, Cayetano Castriz, responden a dous BLM do alcalde de 15/2/1918 no que este solicitaba que lle enviasen a relación de sociedades constituídas e o número de obreiros en paro en cada unha delas. Os dirixentes da FLO responden, pero no seu escrito figuran unicamente as que pertencen a ese organismo (faltan as adheridas ao centro de Fernández Latorre de tendencia socialista): *Asociación Tipográfica, El Trabajo* canteros, *“La Emancipación”* carpinteros, *“La Aurora”* peones y albañiles, *Gremio de constructores de calzado*, *“Las Ocho”* idem de carruajes, *“La Lealtad”* pintores, *Dependientes de comercio*, *“La Armonía”* estibadores terrestres, *“El Progreso Marítimo”* estibadores marítimos, *Oficios varios*, *Gabarreros*, *“La Libertad”* cajonistas y aserradores, *“El Despertar Marítimo”* marineros, *fogoneros, maquinistas y patronos de cabotaje*, *“La Constancia”* obreros de la Fábrica de Tabacos, *Cerilleras y similares*, *“La Humanidad Libre”* traineros, *Panaderos*, *“La Reforma”* hierros y metales. Y con respecto al otro B.L.M. de la misma fecha interesando los datos de obreros parados, los que obran en esta Federación son, por sociedades los que siguen: Peones y albañiles, de 600 asociados están sin trabajo 460; Carpinteros y ebanistas, de 400 trabajan 180; Pintores, de 60 trabajan 32; Herreros, de 130 solo trabajan 90 con aprendices aventajados; Canteros, de 200 se hallan trabajando 49; cerilleras, puede decirse que están en paro forzoso; Marineros, fogoneros, etc, de 1.700, entre parados y emigrados en Norte América y países beligerantes (por la venta de barcos) quedaron reducidos a unos 300 y de estos se hallan unos 40 sin barco residiendo en el pueblo; Zapateros hay 40 sin trabajar. (AMC. AC. c-7578). Cómpre fixarse que neste cómputo figuran unicamente obreiros varóns, cando é ben sabido que na Coruña o colectivo de mulleres traballadoras era moi numeroso e tamén a elas afectaba a situación de falta de traballo.

⁶⁷ A prensa engadía: *También se dirigirá al Ayuntamiento y a la Diputación para que cooperen pecuniariamente a esta campaña y se propone, además, excitar los sentimientos caritativos de las empresas teatrales para organizar funciones con el mismo objeto.* (*El Ideal Gallego*, 15/2/1918).

A prensa recollía ao día seguinte da reunión o fundamental dos temas tratados: o seu obxectivo, os medios para alcanzalo e a designación dun comité encargado de levar á práctica as propostas e os acordos que se fosen tomando.

En el salón de actos del Ayuntamiento se verificó ayer tarde la Asamblea que había convocado el alcalde para tratar de la crisis de trabajo, que en La Coruña se agudiza de modo alarmante. Concurrieron D. Mariano Arahuetes, por el Sporting Club; D. José Berrio por el Centro Castellano; D. Fermín Balsa, por el Centro Lucense; D. Emilio Morodo, por la Cámara de Comercio; D. Julio García, por la Asociación Patronal; D. Luis Cornide, por la Agrupación Popular Coruñesa; D. Francisco Silva, por la Asociación de Maestros de Obras; D. Jacobo Correa, por la Cooperativa Eléctrica Coruñesa; D. Francisco Cuevas, por la Sociedad Aguas de La Coruña; D. José Aznar, por el Banco Hispano Americano y D. Alonso Escudero, D. Ricardo Rodríguez Pastor y D. Luis Mesa por los mayores contribuyentes.

El Sr. Abad Conde expuso el objeto de la reunión, leyendo la estadística de los obreros sin trabajo que existe en La Coruña.

Todos coincidieron en opinar que es necesario y urgente dar solución al problema.

Nombróse un Comité compuesto por los siguientes señores: D. Jacobo Correa, por la Cooperativa Eléctrica; D. Ricardo Rodríguez Pastor, por la Banca; D. Emilio Morodo, por la Cámara de Comercio; D. Jerardo [Genaro] Fernández, por la Asociación Patronal; D. Dionisio Tejero, por el Banco de La Coruña; D. Mariano Arahuetes, como presidente del Sporting Club, representando a las demás sociedades de recreo; el rector de la parroquia de Santa Lucía; los directores de los periódicos locales, y D. Alonso Escudero y D. Demetrio Galeno [Salorio], por los mayores contribuyentes.

Se hizo un cálculo de la cantidad que será necesaria para dar trabajo hasta fin del presente año, y se fijó en 500.000 pesetas.

Convínose en excitar a la propiedad para impulsar las obras particulares y promover las del Municipio que no exijan empleo de materiales, destinando la cantidad que se recaude a pago de jornales.

Se acordó abrir un plazo de diez días para que, durante él, concurran los obreros sin trabajo, asociados y no asociados, a la oficina de la Guardia, para inscribirse en el censo que ha de servir de base para el empleo de brazos por cuenta de esta suscripción. Deberán ser domiciliados en el término municipal, para lo que la Guardia efectuará la comprobación necesaria.

Hecha la relación por oficios, se establecerá un turno por quincenas en las oficinas del ingeniero municipal, a fin de que todos vayan teniendo trabajo.

Se efectuará un prorrateo entre el comercio y los vecinos pudientes, para arribar al total de la cantidad que en definitiva se fije, y cuyo cómputo quedó hecho en 500.000 pesetas, como se ha dicho.

El Comité designado ayer nombrará de su seno un ejecutivo que, por distritos y barrios, recaude las cuotas que a cada cual corresponden. (*La Voz de Galicia*, 19/2/1918)⁶⁸.

⁶⁸ Comunicado do alcalde aos membros do Comité do 19/2/1918: *Muy señor y estimado amigo: La asamblea de entidades populares reunida ayer en esta Alcaldía para tratar la honda crisis de trabajo que existe en la Coruña, ha designado a V. para formar parte de un Comité encargado de llevar a cabo todas aquellas gestiones que se encaminen a la solución del problema. Me honro comunicándole esta designación,*

Cumprindo os acordos da reunión do Concello, Abad Conde ordenou ao xefe da Garda Municipal que, no prazo de dez días, elaborase un rexistro dos traballadores en paro para remitila logo á Alcaldía e no que figurase a natureza e domicilio, así como a clase de traballo que habitualmente realizaban. O número de obreiros (non figura ningunha muller) da relación ascende a 605, de todos os oficios (xornaleiros, pintores, albañeis, mecánicos...) e idades, desde os 16 aos 66 anos.

E mentres se ía confeccionando o censo, o *Comité Fomentador del Trabajo*, poucos días despois da reunión no Concello, facía público un comunicado dirixido, especialmente, a quen gozaban dunha posición económica folgada.

A NUESTROS CONVECINOS

De todos es conocida la triste situación creada en la Coruña por la aguda crisis de trabajo que viene padeciendo el numeroso elemento obrero, a consecuencia de hallarse paralizadas las obras (...).

La iniciativa acordada en dicha Asamblea (...) consiste en organizar una serie de trabajos que sirvan para dar ocupación a los obreros parados (...). Para ello, nos proponemos que las obras que han de ejecutarse sean de tal índole que exijan escasísimos materiales o ninguno, si fuese posible, para lo cual hemos pensado en acometer, con la ayuda que solicitamos de nuestros convecinos, la explanación de los terrenos ya expropiados de las Huertas de Garás, la de la Plaza de Galicia, (...).

Es un hecho evidente que el Ayuntamiento no se halla en condiciones de abordar estas obras, dado lo precario de su situación, (...) y no existe, a juicio de este Comité, solución alguna rápida y decisiva que no sea la que acudan a dar los convecinos pudientes, aprestándose a aliviar con sus recursos propios, los sinsabores y las estrecheces que sufren los obreros sin trabajo, más pobres, en muchos casos, que los mendigos habituales.

Está ultimándose el censo de obreros parados y, una vez comprobado debidamente (...) convocaremos a una Asamblea magna (...) para que allí se haga un prorrateo de las cantidades con que cada una de las personas notoriamente pudientes (...) ha de contribuir para arribar a una recaudación que se repunte suficiente para dar empleo hasta el fin del presente año a los obreros sin trabajo, calculando un contingente diario de 400 a 500 (...). En el cómputo que hemos hecho, resulta que el máximo de lo necesario para atender a los obreros sin trabajo en lo que resta de año es de 500.000 pesetas y la potencialidad económica de la Coruña excede en mucho a esta cantidad, sin que nadie se resienta del sacrificio que se pretenda imponerle. (...)

La Coruña, marzo 2 de 1918⁶⁹.

A prensa daba conta puntual dos traballos da nova iniciativa e recollía noticias relacionadas coa actividade do Comité e mesmo datos relacionados que daban esperanzas

esperando que se servirá V. aceptarla y prestar así, con su personal concurso, como siempre, entusiasta y desde luego valioso, una gran ayuda al Comité de cuya labor ha de salir algo práctico y decisivo en orden al importantísimo y transcendental asunto expresado. (AMC. AC. c-7578).

⁶⁹ Asinan: Ricardo Rodríguez Pastor, Gerardo Abad Conde, Demetrio Salorio, Alonso Escudero, Jacobo Correa, Mariano Arahuetes, Genaro Fernández, Emilio Morodo, Dionisio Tejero, José Sánchez Mosquera (AMC. AC. c-7578).

para poder remediar, sequera en parte, a falta de traballo⁷⁰. Na sesión de do día 12 de marzo o Comité coñeceu varios informes sobre as dificultades que se presentaban para pór en práctica algunhas das propostas do Comité⁷¹. Na seguinte reunión de traballo celebrada o 14, e ante a difícil situación derivada dos informes e da análise xeral da situación, o Comité acordou solicitar datos sobre posibles obras a realizar por parte do Concello que significasen un gasto mínimo de materiais, datos que serían analizados na seguinte asemblea a celebrar o 17. Así, con data do 16-3-1918 remitía ao Concello o enxeñeiro José de Pontes unha listaxe de obras que se podían realizar con pequeno custo de materiais, agrupadas en dous conxuntos: as da zona do interior e as do ensanche. Nos dous casos tratábase de reparación de pavimentos ou enlousados, construción de muros de contención, bordes de beirarrúas, nivelación de rúas...⁷² E coa mesma data o arquitecto municipal Pedro Mariño respondía á petición do alcalde presentando unha relación de obras para as que se precisaba escaso orzamento, unhas 30.000 pesetas⁷³.

⁷⁰ *Estos días se reparte profusamente el manifiesto del Comité fomentador del trabajo en La Coruña, pidiendo el concurso pecuniario de las gentes adineradas para la ejecución de obras en que se pueda dar empleo a los numerosos brazos que actualmente se hallan parados. (...) Relacionada con este asunto del trabajo en La Coruña, tenemos a la vista una carta recibida por correo interior y en la cual nos aseguran los que la suscriben que concertaron algunos propietarios de solares llevar a cabo la construcción de edificios de una sola planta, sin perjuicio de elevar otras más adelante, utilizando exclusivamente materiales del país. Celebráramos muchísimo que estas referencias se confirmasen, pues vendría la actitud de esos propietarios a resolver en gran parte el conflicto planteado. (La Voz de Galicia, 7/3/1918).*

⁷¹ Entre os varios informes, un do enxeñeiro xefe de obras públicas no que advertía da imposibilidade de executar traballos na estrada da Coruña a Arteixo; outro do director da sucursal do Banco de España no que comunicaba as dificultades para construír o novo edificio da entidade por estar pendente de resolución superior o concurso para derrubar as casas que deixasen libre o solar no que se levantaría o edificio xa proxectado, e outro do enxeñeiro-director de Obras do porto no que daba conta do atraso nas obras do muro e terraplén na Praia de San Diego e a imposibilidade de construír dous edificios proxectados. (La Voz de Galicia, 13/3/1918).

⁷² ZONA DE INTERIOR. 1. Tercera sección de las obras de construcción de muros de sostenimiento de las vías o rampas de unión del campo de San Agustín y Plaza de María Pita con el Campo de la Leña. 2. Reparación del pavimento de la calle de Riego de Agua con modificación de su perfil y desagües. 3. Reparación del pavimento de la calle Angosta de San Andrés. 4. Reparación del pavimento de la calle Castelar entre las calles de la Estrella y entre las de San Andrés y el nº 14 de aquella. 5. Reparación del pavimento de la calle de San Andrés entre la de Torreiro y el Pórtico. 6. Reparación del pavimento de la calle de San Andrés entre las de Castelar y Alameda. 7. Reparación del pavimento de la calle de los Olmos. 8. Regularización de la plazuela de Santa catalina. 9. Reparación del enlosado y firme de Mc Adan de la calle del Socorro entre el pasadizo del Orzán y la de Argudín Bolívar. 10. Obras de urbanización del Campo de Marte. 11. Reparación del pavimento de la calle de la Perillana. 12. Reparación del firme de la calle de la Torre entre la calle de Marconi y la bifurcación de las carreteras que conducen a la torre de Hércules. 13. Reparación del pavimento de la calle de Pastoriza. 14. Terminación de bordillos y afirmado de la travesía entre las calles de Zalaeta y del Matadero. ZONA DEL ENSANCHE. 15. Reparación del adoquinado de Juana de Vega. 16. Desmonte de la Plaza de Galicia. 17. Terraplén de la primera sección de la calle Emilia Pardo Bazán. 18. Urbanización de la calle de Fontán. 19. Adoquinado y construcción de una de las aceras de la calle de Fonseca entre las de la Alameda y Juana de Vega. 20. Obras de explanación de la calle de Federico Tapia. 21. Terraplén de una sección de la calle de Concepción Arenal. 22. Obras de explanación de varias calles del ensanche que radican en las huertas de Garás. 23. Limpieza del cauce del río Monelos. (AMC. AC. c-7578).

⁷³ *Relación, por orden de preferencia, de las obras que con limitada cantidad de materiales puede realizar el Municipio en sus edificios: Demolición de los muros de la finca adquirida a los herederos de Fernández Andrade para el aislamiento del hospital de enfermedades infecto-contagiosas y construcción del muro exterior en sus alineaciones oficiales, utilizando materiales procedentes de la demolición. Derribo de los*

Con todos os datos posibles reunidos, o 17 de marzo tivo lugar outra asemblea que se presentaba como fundamental porque nela se debían adoptar as decisións precisas para levar a cabo a finalidade básica de toda a iniciativa: conseguir que os veciños adineirados contribuísen coas súas achegas para reunir o capital necesario co que dar traballo e paliar así a crise do elevado desemprego da cidade. Os convocados á dita asemblea recibiron a invitación asinada polo Comité para contar coa súa presenza⁷⁴.

A decepción do Comité foi enorme, pois a asistencia foi moi escasa e o proxecto fíxose inviable. Así, con data do 20 de marzo de 1918, os membros do Comité enviaron un comunicado á prensa no que daban por finalizada a súa misión e recoñecían o fracaso da iniciativa, lamentando o desinterese mostrado por quen debían asumir un papel solidario ante a situación dos seus conveciños. A pesar deste fracaso colectivo, os membros do Comité aseguraban que seguirían prestando o seu esforzo, auxilio pecuniario e traballo persoal a outras institucións xa existentes con fins semellantes, o de prestar axuda aos necesitados.

Reunido en la tarde de hoy el Comité de Fomento del trabajo, para decidir sobre el resultado negativo de la excitación dirigida a las Sociedades coruñesas y particulares que, por su situación, pudieran contribuir a aliviar la crisis de obras que atraviesa esta ciudad, acordó ver con sentimiento y sorpresa la indiferencia con que, por parte de esos elementos, fue recibida la idea expuesta en el manifiesto profusamente repartido, y hacerlo público, dando cuenta al vecindario del fracaso de su gestión, por entender que no debe desistir de proseguir ésta, sin confesar de manera paladina que su iniciativa está fallida y que el éxito no dependía de la voluntad de los que suscriben, sino de la de aquellas gentes a cuyos sentimientos se llamó en vano. Y frustrada esta campaña, estima el Comité que es un deber del mismo lamentarlo por medio de la prensa, como único medio de obtener la publicidad deseada, a fin de que sepa el pueblo de la Coruña que esta vez se ha dado un triste mentís a las tradiciones que en el citado manifiesto se enaltecían con justicia. (*El Ideal Gallego*, 21/3/1918).

muros que limitan el hospital de enfermedades infecto-contagiosas por los lados norte y noroeste, reconstrucción de los muros en sus alineaciones y prolongación de la calle de los Huertos hasta la de Orillamar. Blanqueos, enlucidos, reposición de ripia y cubierta en el mercado de la Plaza de San Agustín. Blanqueos y afirmado del patio de ingreso al Matadero. Blanqueos en el hospital de enfermedades infecto-contagiosas. Blanqueos en el Hospital de Caridad. Blanqueo, toma de faltas en el edificio y arreglo de los cobertizos de los patios del Asilo. Blanqueo, toma de faltas en el edificio y arreglos de los caballetes del muro posterior y laterales de las Escuelas da Guarda e instituto. Cerramiento de varios solares del municipio con valla reglamentaria. Demolición de fincas expropiadas por el Ayuntamiento para ensanche de la vía pública. El alcance de estas obras, lo calcula el arquitecto que suscribe, aproximadamente en unas treinta mil pesetas. (AMC. AC. c-7578).

⁷⁴ COMITÉ FOMENTADOR DEL TRABAJO EN LA CORUÑA. *El próximo domingo 17 del corriente, a las once horas, se celebrará en el salón de actos del Instituto General Técnico, una asamblea en la cual se adoptarán definitivas decisiones para conjuar, en lo posible, la crisis de trabajo en la Coruña en lo que resta del presente año. Publicado ya un manifiesto, en el cual se expuso el plan que este Comité se propone desarrollar con tal fin, V. se habrá dado cuenta de lo necesario que es el concurso de todas las personas colocadas en desahogada posición, para reunir la cantidad calculada como precisa al objeto indicado. Y espera este Comité que V. ha de prestarle su apoyo en la presente campaña, concurriendo al acto expresado y aportando a la iniciativa su entusiasmo y su auxilio pecuniario. Por ello le anticipan expresivas gracias sus afmos. s.s. [Asinan os dez membros do Comité] (AMC. AC. c-7578).*

Aínda así, e nun intento último por salvar a iniciativa, o Comité decidiu enviar boletíns de subscripción que, aínda que non sabemos o resultado, calculamos que non tiveron resposta na inmensa maioría dos invitados a participar, situación facilmente imaxinable e que corrobora a prensa cando fala de *malogrado intento*⁷⁵, concluíndo así este novo intento fallido de remediar o problema da falta de traballo na cidade⁷⁶.

JUNTA DE DEFENSA

Rematada oficialmente a Gran Guerra Europea o 11 de novembro de 1918, non por iso desapareceron os problemas que ela ocasionara. Continuaba sen solucionarse o problema da falta de traballo e as subsistencias seguían sendo un problema que trataban de solucionar as autoridades sen demasiado éxito. Neste contexto xurdiu unha nova tentativa en marzo de 1919 debida á iniciativa do republicano e popular médico José Rodríguez Martínez⁷⁷.

O día 11 de marzo de 1919 ás cinco da tarde tivo lugar una reunión no salón da sociedade *Reunión de Artesanos*, á que acudiu numeroso público, respondendo á chamada do médico Rodríguez, co obxecto, tal como indicaba a folha impresa repartida días antes e publicada na prensa, de *buscar solución a los problemas planteados por la carestía de la vida y la crisis de trabajo*. Entre os asistentes había moitos obreiros e mulleres e tamén personalidades como o alcalde Gerardo Abad Conde, o vicepresidente da Comisión provincial, Reino Caamaño e o vicepresidente da Deputación, Molina. Na mesa presidencial estaban o promotor da reunión, o ex alcalde e presidente da *Reunión de Artesanos*, Manuel Casás, e o secretario do Concello, Joaquín Martín Martínez. Interviñeron varios oradores, ben a título persoal⁷⁸ ou como voceiros de comunicacións⁷⁹. Comezou falando o médico

⁷⁵ *La Voz de Galicia*, 24/3/1918.

⁷⁶ A vulgar polos datos que o dirixente sindical Benito Couceiro deu no mitin organizado pola Federación Local Obreira no Teatro Rosalía de Castro o 27 de setembro, nalgúns oficios mellorara algo a situación con respecto ás cifras de febreiro, caso dos peóns e albaneis, dos canteiros ou dos pintores, aínda que as cifras seguían sendo moi elevadas. *Hizo el resumen de los discursos Benito Couceiro, y refiriéndose a los obreros que por falta de trabajo están en huelga, en La Coruña, leyó los siguientes datos: de 500 peones asociados, trabajan 200; de 100 albañiles, 60; de 400 carpinteros, 100; de 300 canteros, 80; de 60 pintores, 40; de 70 tipógrafos, 50; de 180 metalúrgicos, 120; y de 30 constructores de carruajes, 20. (La Voz de Galicia, 28/9/18).*

⁷⁷ José Rodríguez Martínez (1856-1921). Formouse na Universidade compostelá e distinguiuse pola loita contra a epidemia de cólera en Valencia en 1885, polo que mereceu a concesión da Gran Cruz de Beneficencia. Na Coruña fundou o primeiro sanatorio médico-quirúrxico da cidade –*Higia*– que se mantivo activo ata a morte do fundador e no que se introduciron numerosas novidades da ciencia médica. Convencido republicano, formou parte do Casino Republicano e asinou, en 1907, o manifesto que deu orixe a *Solidaridad Gallega*, agrupación que abandonou pouco despois. Colaborou en numerosos periódicos e revistas. En 1933 inaugurouse un monumento na súa honra na Praza de Ourense.

⁷⁸ Manuel Villasante fixo varias propostas, como o establecemento do seguro social forzoso. Para Morodo, presidente da Cámara de Comercio, o problema non era local e a solución había que buscala nos poderes centrais. Para Abad Conde todo estaba orixinado pola guerra; non ve solución fácil, promete a colaboración do Concello e propón a creación de cooperativas. Falan tamén Remigio Gutiérrez, Luis Cornide, que insiste no das cooperativas como medio para pór fin á cobiza de comerciantes e industriais; García Ramos, que se mostra pesimista porque non cre que saia nada básico da reunión porque faltan moitas personalidades necesarias, e Reino Caamaño, que dixo que viña a recoller solucións para levalas á Comisión provincial. (*La Voz de Galicia, El Ideal Gallego*, 12/3/1919).

⁷⁹ Entre as comunicacións enviadas, Martín Martínez deu lectura a unha nota da sociedade de cig-

Rodríguez, bo coñecedor da miseria dos fogares que visitaba a cotío, quen expuxo a idea central da súa iniciativa.

Fue quien primero habló; breve pero elocuentemente, con la vehemencia en él característica, en medio del caluroso aplauso de la concurrencia.

Dio sucinta cuenta del objeto de la asamblea, y como prescindiendo de prejuicios tomó él la iniciativa respondiendo a un estado de opinión y requiriendo a la banca y al comercio, los propietarios, los obreros y en general todas las clases sociales para salvar el estado de angustia en que se vive en La Coruña por la carestía de la vida y la falta de trabajo.

No vengo aquí a sembrar odios sino a proponer una obra de paz y de concordia.

Yo pido pan y pan barato para todos.

Explicó luego como el problema de la carestía de la vida y de la falta de trabajo no reviste un carácter local sino nacional, o más bien universal, y que tiene su origen en la guerra, que lo ha alterado y trastornado todo. (...)

Habla de los hogares que él visita como médico, y en los cuales se ofrecen cuadros de verdadera miseria.

Pero renuncio a hablaros más de esto, ya que a lo que venimos es a buscar solución para el hambre, que se ha hecho crónica en la sufrida clase media.

Venimos también a buscar una reacción en aquella clase y a estimular a las autoridades para que cooperen en la busca de las soluciones que perseguimos.

No debemos suponer que las autoridades puedan resolverlo todo, sino que es preciso que les prestemos nuestro concurso.

Hago un llamamiento a los señores de la alta banca y en general a la gente adinerada. Si ellos ponen de su parte los medios de que disponen, podremos librarnos de los peligros del bolcheviquismo. Igual requerimiento dirijo al comercio y a la industria.

Termino entregando íntegro a la representación de las clases sociales aquí reunidas, el discutir y buscar solución al asunto, para librarnos de un grave problema. (*La Voz de Galicia*, 12/3/1919).

Rematadas as intervencións, fixo o resume do acto Rodríguez Martínez e quedou organizada a *Junta de Defensa* presidida por un comité executivo formado por: José Rodríguez Martínez, Luis Cornide, Felipe Castro, Canuto Bera e Insua Santos. Xunto a eles, numerosas personalidades da vida coruñesa do ámbito da política, da industria e do comercio⁸⁰, ademais dos presidentes das sociedades obreiras (aínda que non todas, pois algunhas escusaron a súa presenza), entidades populares e os directores dos periódicos locais; así pois, a iniciativa partía contando cun amplo consenso social e unha clara pre-

rreiras *Unión Tabacalera* na que ofrecen a súa colaboración en todo o que se fixese na procura de abaratar as subsistencias e fomentar o traballo e Mayor Moreno, catedrático Escola Comercio, enviou unha carta prestando a súa colaboración e apuntando algunhas ideas.

⁸⁰ Enrique Hervada, Manuel e Aurelio Fernández Morales, Jesús Miranda, Manuel Casás, Alfredo García Ramos, Nicolás e Eduardo del Río, Julio González, Ricardo Rodríguez Pastor, Felipe Altadill, Pedro Barrié de la Maza, Álvaro Cornide, Clemente Panise, Román Brañas, Román Navarro, Fermín Bescansa, Ramón Prieto Puga, Enrique e Manuel Roel, Nicandro Fariña, Gumersindo Pardo Reguera, Enrique e Eduardo Villardefrancos, M. Cortés, Longueira, Federico Calvete, José Sanjurjo, Dionisio Tejero, Julio Casares, José Soto.

disposición das autoridades locais para poñer en marcha as propostas que fose formulando a formación impulsada polo médico Rodríguez⁸¹.

Ao día seguinte da súa constitución comezou o seu traballo nas dependencias da Deputación provincial o día 13 de marzo no que o comité deseñou o funcionamento da asociación e o seu sistema de traballo. Así, decidiuse que o comité se reuniría a diario presidido, en ausencia do presidente, por calquera dos membros presentes tomándose as decisións por maioría dos presentes⁸². Para distribuír o traballo dos seus membros creáronse catro comisións: Finanzas⁸³, Requisa e aprovisionamentos⁸⁴, Investigación⁸⁵ e Orde interior⁸⁶. Os asistentes a esta primeira reunión foron moi numerosos e Rodríguez Martínez, logo de intervir insistindo na idea e a razón que motivou a fundación da Xunta de Defensa⁸⁷, deu a voz aos presentes, intervindo e expoñendo as súas ideas moitos deles: a formación de cooperativas populares para evitar os intermediarios que encarecen os produtos⁸⁸, medidas para reactivar as obras públicas e rebaixa do 10% nos artigos de primeira necesidade⁸⁹, a creación de comedores económicos, a construción de casas baratas para obreiros, o establecemento dun seguro social forzoso, a obrigatoriedade de que aqueles que gañaron coa guerra invistan unha porcentaxe desas ganancias en remediar a crise, abrir unha subscrición entre os presentes que administre a comisión de Facenda⁹⁰... Ao

⁸¹ Un dato que animaba a pensar que a situación podería mellorar coas accións emprendidas pola nova iniciativa foi a boa acollida que dispensou o gobernador civil, Toral, ao grupo de mulleres traballadoras que, ao remate da xuntanza da Xunta de Defensa, foi en manifestación ata o Goberno Civil para solicitar que interviñese na rebaixa das subsistencias, petición escoitada con atención pola máxima autoridade provincial comunicándolles tamén que ordenara a prohibición de exportar patacas da cidade e da provincia, medida coa que confiaba que baixase o prezo deste produto de primeira necesidade.

⁸² *La Directiva de la Junta de Defensa, en nota oficiosa que comunica a la prensa, hace saber que deben darse por invitadas para las sucesivas reuniones todas cuantas personas concurren ayer al salón de reuniones de la Diputación provincial, donde dicha Junta se constituye diariamente a las seis de la tarde.* (*El Ideal Gallego*, 15/3/1919).

⁸³ Da comisión de Finanzas ou facenda formarían parte: Dionisio Tejero, Julio González, Rodríguez Pastor, Morodo e o presidente da Mutua Mercantil.

⁸⁴ Integrantes desta comisión: Salvo, Insua, Cornide, Martín Martínez e un ou varios obreiros.

⁸⁵ Esta comisión a confiaba Rodríguez Martínez á prensa.

⁸⁶ A Mesa ou comité sería a encargada de traballar nesta comisión.

⁸⁷ *¿Qué es la Junta de Defensa? Es, a mi modo de ver, el pueblo de La Coruña organizado para defenderse, y que solicita el concurso de todos, desde las autoridades a los obreros, pues su objeto es buscar el modo de hacer la felicidad de nuestro pueblo.* (*La Voz de Galicia*, 14/3/1919).

⁸⁸ Defendeu esta idea Luis Cornide para quen as cooperativas deberían ser unicamente temporais e por razón das circunstancias extraordinarias do momento, ao tempo que esixía aos obreiros *que no abusen de las huelgas, desligándose de la de solidaridad, pues es preciso resolver las cuestiones de casa antes que acudir en ayuda de los de fuera*. Para traballar na formación de futuras cooperativas foron designados Martín Martínez e Cornide. (*La Voz de Galicia*, 14/3/1919).

⁸⁹ Para remediar a falta de traballo consideraba Salvo imprescindible iniciar ou reactivar obras públicas, como as do tranvía a Sada e para conseguir financiación propoñía *que se abra una suscripción semanal entre los capitalistas para que la Junta de Defensa proporcione trabajo abriendo obras públicas*. Nunha liña similar se expresaba Cortés: *lo urgente es dar trabajo buscando dinero para hacer obras, pues es preciso liberar al obrero de la humillación de la limosna.* (*La Voz de Galicia*, 14/3/1919).

⁹⁰ A pesar das boas intencións dos presentes, as dificultades eran evidentes polo choque de intereses entre os grupos sociais representados. Así, á invitación de Rodríguez Martínez de que expresasen a súa opinión os banqueiros e capitalistas presentes, Mariano Moreno dixo que *sólo resolverían la cuestión la identificación del capital y el trabajo, y que para ello debe hacerse que las Sociedades obreras sus-*

finalizar a reunión, o comité executivo visitou ao alcalde, quen telegrafou ao presidente do Goberno pedindo un millón de pesetas para as obras da provincia.

A esta primeira reunión de traballo seguiron moitas durante os tres meses seguintes con novas propostas⁹¹ (algunhas xa formuladas en anos anteriores, caso da construción dun edificio para a sucursal do Banco de España na Coruña ou a ampliación de estradas xa aprobadas), cálculos do que se precisaría para poñelas en práctica (por exemplo, as 200.000 pesetas para unha cooperativa) e tamén a realización dalgunha medida concreta⁹² pero escasamente significativa.

E mentres a Xunta de Defensa traballaba e pensaba solucións, os problemas da cidade continuaban e sen trazas de mellora a curto prazo a pesar da fin do conflito bélico⁹³. En marzo quéixanse con forza á Xunta 200 pescantinas de que non podían baixar os prezos porque lles veñen marcados polos exportadores, pero protestan tamén contra o acordo da Xunta de vender a peso o peixe; a noticia ou o simple rumor de que se embarcan produtos básicos, como fabas ou castañas, provocaban asaltos a almacéns de comestibles que obrigaban a intervir á forza pública⁹⁴; a falta de patacas é tal que se chega a solicitar dos propietarios de casas de quinta que planten patacas nos seus xardíns e que tamén o faga o Concello nos solares que posúe en Garás, Camiño da Estación, os Molíños e A Mariña⁹⁵ ... Por outro lado, unha representación do comercio ao por maior de artigos coloniais acudiu á Xunta para demostrar que non tiñan as fabulosas ganancias que se contaba que obtían.

criban un documento comprometiéndose a no plantear huelgas mientras dure este estado de cosas. (La Voz de Galicia, 14/3/1919).

⁹¹ Como os directores dos periódicos locais formaban parte da Xunta de Defensa, daban conta puntual das reunións e dos temas tratados, especialmente durante os meses nos que esta institución funcionou con regularidade, os de marzo e abril. *La Voz de Galicia*, 15, 16, 19, 21, 22, 23, 25, 26/3/1919; 1, 3, 5, 6, 8, 10, 15, 16, 20, 25, 26/4/1919. *El Ideal Gallego*, 16, 18, 19, 21/3/1919; 1, 2, 4, 15, 26, 29/4/1919. A partir de maio, as noticias escasean ata desaparecer, situación que reflicte as dificultades da Xunta.

⁹² Manuel Insua, no nome dos almacenistas de cales e cementos, anuncia que decidiron baixar o 6% para todas as obras que se executen por iniciativa da Xunta de Defensa. Tamén acordouse formar unha sociedade por accións para edificar casas baratas na que se inscribiron Barrié de la Maza, Julio González, Rodríguez Pastor, Cortés, José Sanjurjo, Manuel Fernández Morales, Pan de Soraluze, Casa de Simeón García, Catoira, Canuto Berea, Manuel y Enrique Roel, Manuel Insua, Luis Miranda, viuúva de Novoa, Martín, Salvo, Fernández Torres, Losada Rebellón, Fernández Robredo e Cornide. Cada grupo de casas costaría 65.000 pesetas e serán 16 vivendas. (*La Voz de Galicia*, 18/3/1919). En marzo de 1919 a Xunta facilitou abonos gratis aos traballadores en paro e a outros necesitados atendidos pola *Caridad de San José* e o *Patronato de Caridad*.

⁹³ Ao contexto xeral de falta de traballo e carencia e carestía das subsistencias hai que sumar as numerosas folgas parciais que afectaban a determinados colectivos e a folga xeral que mantivo a cidade paralizada entre o mércores 26 e o luns 31 de abril nos que tampouco houbo periódicos.

⁹⁴ *Ayer se repitieron sucesos lamentables de asalto a la propiedad privada particular, a los comercios, a las mercancias, que estuvieron a merced de las turbas de mujeres y chiquillos. Los sucesos comenzaron en los muelles, con ocasión del embarque de habichuelas. (El Ideal Gallego, 19/3/1919).*

⁹⁵ Na reunión de traballo da Xunta do 14 de abril, presidida polo médico Rodríguez, foi informada a Xunta de Defensa de que a comisión formada por Rof Codina, Insua, Santos e Hernández Robredo iniciaran entrevistas coa comisión municipal de paseos a fin de tratar o subministro de abonos para o cultivo da pataca. O Concello estaba disposto a ceder terreos para cultivar patacas sempre que a colleita se entregase á beneficencia.

A pesar das numerosas solicitudes de auxilio enviadas ás autoridades locais e do Estado, os resultados non se materializaban⁹⁶; as peticións que lle chegaban á Xunta aumentaban día a día, pero os recursos eran mínimos e a confianza do médico Rodrigo de conseguir que a xenerosidade dos pudentes (a finais de marzo tiñan recollidas soamente unhas 13.000 pesetas) solucionase moitos dos problemas da cidade, unha vez máis, quedou defraudada⁹⁷.

Precisamente esta falta ou catividade de resultados, xunto con problemas internos protagonizados polos propios membros da Xunta⁹⁸, explican que as boas intencións e os múltiples e variados proxectos iniciais fosen decaendo e provocasen a desaparición da Xunta de Defensa. As últimas actuacións localizadas están directamente relacionadas cos auxilios económicos repartidos entre os pobres da cidade. Para poder optar a estes auxilios, os pobres debían demostrar a súa situación mediante petición escrita na que figurasen os seus datos persoais e familiares e debía estar autorizada polo cura párroco, o médico, o alcalde de barrio ou por persoa de calidade coñecida. A comezos de maio a Xunta anunciaba que se suspendían estes socorros⁹⁹, pero un mes máis tarde se reanudaron¹⁰⁰. Deste modo, unha nova tentativa de solucionar a crise da cidade non foi capaz de conseguir os seus obxectivos e as súas limitadas actuacións quedaron reducidas a accións de carácter benéfico e caritativo.

⁹⁶ Por exemplo, o Ministerio negou a subvención de 6.000 pesetas solicitadas para os gastos das Cantinas escolares, unha iniciativa do alcalde Manuel Casás que viña funcionando, con moitas dificultades económicas, desde o curso 1916-17 e nas que se daban comidas aos nenos e nenas necesitados das escolas públicas coruñesas.

⁹⁷ A prensa católica, opositora á Corporación municipal presidida polo republicano Abad Conde, culpaba ao Concello da maior parte do fracaso polo que consideraba falta de autoridade e compromiso da institución: *Entre el Ayuntamiento y el pueblo, sintetizado en la Junta Popular de Defensa, hay un dualismo evidente. Esta última no encuentra en los primeramente obligados a secundar su actuación la ayuda precisa, antes la estorba, la traba y la dificulta, como si no fuese deber primario de la Corporación contribuir con sus actos al abastecimiento del pueblo y al abaratamiento de los víveres. (...) El problema más urgente que había sobre el tapete era el adquirir un bastón de autoridad para la Alcaldía, como si ésta pudiese surgir de la seca médula de una caña, aunque la caña sea de Indias.* (El Ideal Gallego, 4/4/1919).

⁹⁸ Na sesión de traballo do 2 de abril Martín Martínez presenta a dimisión como secretario da Xunta argumentando que non lle parecía correcto seguir nela sendo empregado municipal e secretario do Concello da Coruña. Na do 12 de maio foi Felipe Salvo Ezquerro quen renunciou ao cargo de vocal da Xunta por non estar de acordo co criterio establecido pola Xunta no reparto de socorros aos pobres. Desde o 24 de abril as reunións deixaron de ser diarias e pasaron a celebrarse unicamente un día á semana, os xoves. Na relación de asistentes a cada reunión publicada pola prensa é apreciable como vai diminuíndo o número de asistentes, signo de que ía deixando de funcionar.

⁹⁹ *A las diez de la noche de mañana, sábado, se suspenderá la recogida de cartas de obreros y familias necesitadas en petición de auxilios. Las recogidas hasta las doce de ayer, jueves, serán atendidas el lunes en el antiguo Ayuntamiento. La suspensión, que durará pocos días, obedece a la necesidad de organizar tres distritos para verificar mejor el reparto, toda vez que son más de cuatro mil las personas que solicitaron socorro, entre las cuales hay algunas enfermas, para quienes el citado local resulta lejos. (...) Los locales en que se haya de hacer el reparto se anunciarán oportunamente.* (El Ideal Gallego, 2/5/1919).

¹⁰⁰ *Mañana jueves, a las cinco de la tarde, efectuará esta Junta en el salón bajo del antiguo Ayuntamiento, un reparto de limosnas a los pobres cuyo primer apellido tenga por letra inicial cualquiera de las tres letras con que comienza el alfabeto español, A, B, C. No se darán socorros a ninguna otra persona que no reúna esta circunstancia, a fin de evitar alegaciones de mayor o menor miseria, que sería difícil comprobar de momento, y no dar margen a recomendaciones ni preferencias.* (La Voz de Galicia, 18/6/1919).

O **balance** global destas iniciativas, polos escasos resultados conseguidos, pode considerarse como un continuado fracaso para resolver a crise que a I Guerra Mundial provocou a nivel xeral de España e particular da Coruña, pero cómpre valorar estas iniciativas, xurdidas desde personalidades e grupos de moi diferente ideoloxía, como exemplos da preocupación social para tratar de remediala ou, polo menos, paliar os seus efectos. Moi poucas cidades poden presentar exemplos semellantes.

BIBLIOGRAFÍA

- ALFEIRÁN RODRÍGUEZ, X.; ROMERO MASIÁ, A. (2001) *Republicanismo coruñés. Aproximación histórica e selección documental 1868-1936*. A Coruña, Concello da Coruña.
- ASOCIACIÓN GENERAL PATRONAL DE LA CORUÑA (1916) *Memoria leída en el Junta General celebrada en esta sociedad el día 28 de abril de 1916*. A Coruña
- ASOCIACIÓN GENERAL PATRONAL DE LA CORUÑA (1917) *Memoria anual. 1917*. A Coruña.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1986) *Historia de la ciudad de La Coruña*. A Coruña, La Voz de Galicia-Biblioteca Gallega.
- Cuestionario de mejoras locales que el Alcalde de la Coruña Don Manuel Casás presenta a la Asamblea de corporaciones y entidades reunida el 27 de Abril de 1916, para tratar del progreso local en sus distintos aspectos* (1916) A Coruña, tipografía e imprenta Roel.
- DAVIÑA SÁINZ, S. (1999) *Nuestro diario íntimo. Memorias del alcalde Manuel Casás Fernández (Al servicio de La Coruña y de Galicia)*. A Coruña, Concello de A Coruña.
- DURÁN, J. A. (2001) “De la regeneración y la República: el médico Rodríguez”, *El republicanismo coruñés en la historia*. A Coruña, Concello, 215-220.
- ESTRADA CATOYRA, F. (1928) *Contribución a la historia de La Coruña: la Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos*. A Coruña, El Ideal Gallego.
- FERNÁNDEZ CAAMAÑO, J. M. (7-2-2016) “El médico que no entendía de horarios ni de clases sociales”, *El Ideal Gallego*.
- FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, M. (1974) “Rodríguez Martínez, José”, *Gran Enciclopedia Gallega*, 27: 58, Santiago, Silverio Cañada.
- FRAGA VÁZQUEZ, X. A. (2013) “José Rodríguez Martínez”, *Álbum da Ciencia*. Concello da Cultura Gallega, Culturagallega.org
- GARCÍA SANZ, F. (2014) *España en la Gran Guerra*. Barcelona, Galaxia Gutenberg.
- GIADÁS ÁLVAREZ, L. A. (1997) *La vida política municipal en La Coruña entre 1900 y 1931*. Sada, Edición do Castro.
- GONZÁLEZ CATOYRA, A. (1995) *Alcaldes coruñeses*. A Coruña, Vía Láctea.
- MIRÁS ARAUJO, J. (2004) “El puerto y la actividad económica en la ciudad de A Coruña, 1914-1935”, *Scripta Nova*, 8, 157-180.
- MIRÁS ARAUJO, J. (2007) *Continuidad y cambio en la España urbana en el periodo de entreguerras. Análisis de una ciudad española*. Oleiros-A Coruña, Netbiblos.
- NAYA PÉREZ, J. (1965) “Relación de los alcaldes propietarios de La Coruña desde 1840 hasta el presente”, *Revista*, 135-143.
- PEREIRA GONZÁLEZ, D. (1998) *Sindicalistas e rebeldes*. Vigo, A Nosa Terra.
- PEREIRA MARTÍNEZ, C.; ROMERO MASIÁ, A. (2003) *Germinal. Centro de Estudios Sociais. Cultura obrreira na Coruña (1902-1936)*. Betanzos, Briga Edicións.
- PEREIRA MARTÍNEZ, C.; ROMERO MASIÁ, A. (2009) “Constancio Romeo (1852-1917): un mestre laico na Coruña”, *Anuario Brigantino*, 32, 225-252.
- PEREIRA MARTÍNEZ, C.; ROMERO MASIÁ, A. (2010) “Tres voces proletarias coruñesas”, *Nalgures*, VI, 145-292.
- PUGA Y PARGA, M. M. (1917) *Mi historia política*. A Coruña, Tipográfica Obrera Coruñesa.
- REIRIZ REY, J. M.; ALFEIRÁN RODRÍGUEZ, X. (2004) *Tiempos republicanos*. A Coruña, Ateneo Republicano de Galicia.
- ROMERO MASIÁ, A. (2003) *Severino Chacón, líder sindical do mundo do tabaco*. Santiago, Fundación Tilve.

ARQUIVOS E PRENSA (1914-1919) CONSULTADA

Arquivo Municipal da Coruña [AMC]
Arquivo do Reino de Galicia [ARG]

Diario de Galicia. Periódico de la mañana, telegráfico, noticiero y de información general. Santiago
El Correo de Galicia. Diario independiente de avisos y noticias. Santiago
El Correo Gallego. Diario político de la mañana. Ferrol
El Diario de Pontevedra. Periódico liberal

El Eco de Galicia. Diario católico e independiente. A Coruña
El Ideal Gallego. Diario católico, regionalista e independiente. A Coruña
El Noroeste. Diario católico regionalista. A Coruña
El Norte de Galicia. Diario político y de información. Lugo
El Progreso. Semanario independiente. Pontevedra
Gaceta de Galicia. Diario de Santiago
La Voz de Galicia. A Coruña
La Voz de la Verdad. Diario católico con censura eclesiástica. Santiago